



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 28 de febreiro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 28 de febreiro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Declaración institucional co gallo da conmemoración do 8 de marzo "Día das mulleres"

Información e actas

- [1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/20, do 31 de xaneiro](#)
- [2. Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xaneiro de 2020 ata o 21 de febreiro de 2020.](#)
- [3. Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en organismos externos.](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [4. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019.](#)
- [5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019.](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

- [6. Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, segunda fase](#)
- [7. Aprobación do proxecto actualizado de mellora da seguridade viaria na DP 4901 San Ramón a carretera As Somozas pq 1+000 ao pq 1+780 \(Moeche\), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais 2018](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

- [8. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de abastecemento e saneamento na Pedra, Nantón", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0619.0](#)

9. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo", do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0033.0

10. Aprobación do proxecto de terminación da obra "Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras" do Concello de Zas, incluída no POS+ADICIONAL 1/2018 (2018.2001.0746)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

11. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2020.

12. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

13. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

14. Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2020 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

15. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2020 de aprobación polo Pleno

16. Dación de conta da liquidación do orzamento da deputación provincial correspondente ao exercicio 2019.

17. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincedios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2019.

18. Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao exercicio 2019.

19. Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019.

20. Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 - 2019.

21. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente aos anos 2018 e 2019.

22. Dación de conta do informe-resumo de resultados do Plan de control financeiro de subvencións do exercicio 2019 (subvencións pagadas no exercicio 2015 e expedientes propostos polas unidades xestoras).

23. Dación de conta do Informe-resumo de resultados de control interno no Exercicio 2019 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

24. Dación de conta do Plan de control financeiro de subvencións para o exercicio 2020: subvencións pagadas nos exercicios 2016 e 2017, coa inclusión dos elementos de risco propostos polo Servizo de Fiscalización.

25. Dación de conta das entregas a conta de Marzo, Abril e Maio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 1.071 do 14 de Xaneiro de 2020 pola que se procede a nomear á Comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

27. Aprobación do Regulamento do Parque Móbil.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

28. Aprobación do Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o Plan marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais.

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de febreiro de 2020.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de febreiro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Non asisten:

Don José Pablo González Cacheiro	PP
----------------------------------	----

Dona Ana Lamas Villar

PSOE

Escusado:

Don Alberto Lema Suárez

MA

Actúa como secretario: Don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:14 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Bos días a todas e a todos. Empezamos coa declaración institucional co gallo da conmemoración do día 8 de marzo, Día das Mulleres, pola deputada da área.

Sra. Muíño Filgueiras

Declaración institucional co gallo da conmemoración do 8 de marzo "Día das mulleres"

O 8 de marzo, día internacional da muller, reivindica e visibiliza a loita das mulleres polos seus dereitos, participación e recoñecemento, en pés de igualdade cos homes, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa. Proposta herdeira de feministas como Clara Zetkin que en 1910 impulsaron tal data e que posteriormente foi institucionalizada polas Nacións Unidas en 1975.

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema "Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado" están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.

Con esta campaña, o feminismo galego sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político en que vivimos. A invisibilización dos traballos de coidados, a feminización da pobreza, as violencias machistas ou a falla de liberdade nas identidades sexuais e/ou expresións de xénero son algúns dos síntomas de subordinación social á que se ven sometidas en todas as esferas da vida e fai ineludíbel tomar todos os espazos que tamén lles pertencen: ás rúas, as institucións, os centros de traballo ou estudo, os espazos culturais etc.

Corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Segundo a diagnose de igualdade e plan de acción e políticas de igualdade da Deputación da Coruña aprobada polo pleno da corporación hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial duns 5.500 euros entre homes e mulleres, isto tamén acontece coas pensións onde as diferenzas son duns 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito as que máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos. Na provincia da Coruña, segundo o estudo citado, hai un 45% máis de mulleres que coidan de menores de 15 anos; hai nalgúñas comarcas da Coruña diferenzas dun 90% de mulleres coidadoras a respecto dos homes. Isto loxicamente ten consecuencias non só na saúde das mulleres, senón na calidade dos seus emprego, nas súa relacións sociais, na participación cultural e deportiva etc.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación

ACORDO

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.
2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado.
3. Reclamar a necesidade de dotar aos concellos dos medios necesarios para levar a cabo as medidas fixadas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, atención á dependencia e recursos de conciliación
4. Desde a Deputación da Coruña adquirimos o compromiso de desenvolver, en coordinación cos concellos, as áreas estratéxicas 4 e 5, do Plan de Igualdade relativas as nosas competencias e que teñen a ver con melloras no acceso ao mercado de traballo e na promoción do poder colectivo das mulleres.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/20, do 31 de xaneiro

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de

Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, ordinaria número 2/20, do 31 de xaneiro

2.- Dación de conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xaneiro de 2020 ata o 21 de febreiro de 2020.

Dáse conta das resolucións da Presidencia desde o 25 de xaneiro de 2020 ata o 21 de febreiro de 2020

3.- Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representantes da Deputación en organismos externos.

Procédese a votar a ratificación da inclusión da proposición na orde do día.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

Aprobada a inclusión por unanimidade, seguidamente vótase a aprobación da proposición da Presidencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Nomear ao deputado don José Ramón Rioboo Castro como representante da Deputación Provincial da Coruña na Mesa pola Mobilidade Sostible da Coruña, creada pola Xunta de Goberno Local dese concello do día 22 de outubro de 2019.

2º Nomear ao deputado don José Blas García Piñeiro, como titular, e á deputada dona Milagros Castro Sánchez, como suplente, para representar á Deputación Provincial da Coruña na comisión de seguimento do Plan Estratéxico dos comerciantes Ourives de Compostela.

As persoas designadas informarán sobre o funcionamento dos órganos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requirido polo Pleno, polo Presidente ou pola

Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico."

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019.

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Moitas grazas, moi bo día. Simplemente dicir que o noso Grupo vaise abster no punto 4 e 5 basicamente polo informe do interventor polo incumprimento da base de execución, da 52 e o artigo 5.4 da Ordenanza de subvencións. Nada máis.

Sr. Couto Rodríguez

Bo día a todas e a todos. Quedou exposto na Comisión que había un informe posterior a ese de Intervención que dicía que os concellos si poderían recibir máis subvencións que o exposto, que era máis, digamos, máis de cara a entidades que a concellos.

Sra. Gallego Neira

O que se falou na Xunta de portavoces é de cambiar a Ordenanza para que iso fose así, pero de momento non é así. A base 52 di o que di, e o 5.4 tamén, e senón que nolo aclare aquí.

Sr. Fernández Piñeiro

A modo de aclaración, bo día antes de nada, o que se comentaba na Xunta de voceiros é que se vai clarificar mellor ese punto para que non leve a confusión, non quere dicir que o punto estableza que os concellos non poidan recibir máis dunha subvención, senón que se vai modificar e mudar esa redacción para que sexa moito máis conciso á hora de establecer que os concellos non entrarían na aplicación dese artigo como non o estiveron nunca, é dicir, non é cuestión de agora, senón que era unha cuestión que se lle aplicaba ás entidades, pero había unha interpretación que xa foi emendada, como ben comenta o deputado da área, polo tanto, non é que se vaia modificar, senón que simplemente se clarifica mellor para evitar algún tipo de interpretación errónea a ese respecto.

VOTACIÓN

Votan a favor 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos

Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **140.000,00 €**, ao **Concello de Santiago de Compostela** para financiar o ***Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019***, cun orzamento subvencionado de **175.000,00 €**, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de decembro de 2019.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a-----, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a-----, en representación do Concello de Santiago de Compostela

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o "Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes".

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do

concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa María de Villestro”, AVV de A Rocha “Serafín Zas” e AVV “Ruta Xacobeá”.

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, con CIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo concello beneficiario para o financiamento parcial do **Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2019**.

As accións incluídas neste programa son as seguintes:

* *Programa de animación e dinamización dixital - Novas tecnoloxías 2019*.- Actividades formativas e aulas abertas de informática de uso libre.

* *Programa de educación e formación permanente 2019.-* Monográficos, cursos e obradoiros.

* *Programas estacionais 2019.-* “Vive o verán”, “12 doces de outono” e “Vive o Nadal”

II.- Orzamento.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal	173.000 €
	<i>h. totais</i>
<i>orzamento</i>	
<u>Persoal animación sociocultural</u>	<u>4.827</u>
<u>73.916,48 €</u>	
Villestro	
A Gracia	
Laraño, Lavacolla e Verdía	
Bando, Figueiras	
Marrozos, Eixo	
Rocha	
<u>Persoal de animación sociocultural e dinamización dixital</u>	<u>2.470</u>
<u>32.037,17 €</u>	
Busto, Marantes, Grixoa e Peregrina	
Enfesta, Nemenzo, Peregrina, Sta. Cristina de Fecha, Verdía	
<u>Persoal de alfabetización dixital</u>	<u>960</u>
<u>15.957,48 €</u>	
A Gracia, Bando, Laraño, Lavacolla, Figueiras e Marrozos	
<u>Persoal de formación permanente e obradoiros de actividades</u>	<u>948</u>
<u>36.230,18 €</u>	
<u>Persoal programas puntuais</u>	<u>14.858,69 €</u>
Vive o verán, 12 doces de outono e vive o Nadal	
Gastos en material non inventariable	
2.000,00 €	
TOTAL	
175.000,00 €	

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se

define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito suficiente.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ao *Programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural* e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

- * **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, alomenos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

- * **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificandos, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, suscrita pola Técnica responsable da Rede de Centros Socioculturais coa conformidade da concelleira de Políticas sociais, Diversidades e saúde e Centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de outubro de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

5.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a sua acreditación.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019.

VOTACIÓN

Votan a favor 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **144.000 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019*, cun orzamento

subvencionado de 180.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.”

Coa a motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de decembro de 2019.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuíto de 1.268,50 m² na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, con CIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2019**.

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, Unidade básica de servizos sociais, departamento de xuventude, dirección da rede de centros socioculturais, biblioteca infantil e xuvenil e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

1.- Cursos formativos:

- Anuais: club de lectura, club de xadrez, club de teatro infantil e de adultos.
- Trimestrais: cidadanía dixital, programando xogando nenos/as, aprender xogando nenos/as, club de creación dixital, libre office intensivo adultos/sénior, youtuberios para mozos, follas de cálculo Calc, editor de texto Writer, informática ende cero, introdución ás redes sociais, informática para nenos.
- Monográficos de novas tecnoloxías.
- Obradoiros de novas tecnoloxías

2.- Actividades complementarias: aula aberta de novas tecnoloxías, encontro de xadrez Nadal para adultos, conferencias, proxeccións, outras actividades: teatro, concertos e recitais.

3.- Actividades puntuais: Campañas solidarias, Tropa verde, entroido, actividades de

verán, samaín, nadal, Campaña contra a SIDA, espectáculo *12 doces de outono*.

4.- Actividades sociais ou de relación coa veciñanza: venres en familia, xogos populares na Praza Roxa, colaboración nas festas das asociacións de veciños

5.- Actividades da rede de centros: exposicións, programa de excursións e viaxes, imos ao baile, visitas culturais e roteiros, torneo de xadrez interxeneracional.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal

3 uxieres	72.946,99 € .
2 animadores socioculturais	55.314,91 € .
1 auxiliar administrativo	32.904,91 € .

Mantemento

<i>Mantemento e subministros</i>	<i>18.833,19 €</i>
----------------------------------	--------------------

<i>Total gastos</i>	<i>180.000,00 €</i>
---------------------	----------------------------

Poderanse incluír como xustificación dos gastos facturas de mantemento e subministros para limpeza, no caso de que fose necesario.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **144.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención

de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrência de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, alomenos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita pola Técnica responsable da Rede de Centros Socioculturais coa conformidade da concelleira de Políticas sociais, Diversidades e saúde e Centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao

pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xullo de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da súa vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación do Plan de Conservación de Vías Provinciais 2020, segunda fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2020, SEGUNDA FASE cun orzamento total de 280.179,64.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2020.1100.00034.0	ESTABILIZACION DE NOIROS E MELLORA DE DRENAXE NA DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO (CARBALLO)	280.179,64

2.- Expor ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación do proxecto actualizado de mellora da seguridade viaria na DP 4901 San Ramón a carretera As Somozas pq 1+000 ao pq 1+780 (Moeche), incluído no Plan de Inversións de Vías Provinciais 2018

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Modificar o Plan de Vías Provinciais 2018, 7ª Fase aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de novembro de 2018, no sentido que o proxecto MELLORA DÁ SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901 SAN RAMÓN A Estrada AS SOMOZAS (P.K. 1 000 AO PK 1 780), código 2018.1110.0016.0 (MOECHE), déixase sen efecto para incluír un novo proxecto que recolle as observacións indicadas pola Dirección Xeral de de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

2º.- Aprobar o Proxecto de Actualización do Proxecto de MELLORA DÁ SEGURIDADE VIARIA NA DP 4901 SAN RAMÓN A Estrada AS SOMOZAS (P.K. 1 000 AO PK 1 780), código 2018.1110.0016.0 (MOECHE), cun orzamento de contrata de 259.141,13 € que supón unha minoración de 6.417,64€ con respecto ao aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de novembro de 2018, integrándose no Plan de Vías Provinciais 2018, 7ª Fase.

3º.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras supondo un incremento da valoración inicialmente prevista de 4.007,71 € e sendo o importe final o que a continuación se indica:

DENOMINACIÓN	VALOR DE EXPROPIACIÓN SEGÚN PROYECTO (0410/4531/600)
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIO NA DP 4901 SAN RAMÓN A ESTRADA AS SOMOZAS (P.K. 1+000 AO PK 1+780) (Expediente: 2018000036107)MOECHE	16.422,91

4.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

5.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de abastecemento e saneamento na Pedra, Nantón", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0619.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 2017/40643, do 18 de decembro de 2017, pola que se aprobou definitivamente a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017, na que se inclúen investimentos financeiramente sostíbles previstos no Plan Complementario ao POS+ Base 2017, que fora aprobado polo Pleno provincial na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137, do 7 de xullo de 2017, entre os que figura o investimento do Concello de Cabana de Bergantiños denominado "Ampliación de abastecemento e saneamento na Pedra, Nantón", co código 2017.2001.0619.0

Logo de aprobar o Concello de Cabana de Bergantiños un proxecto modificado deste investimento que xa está adxudicado e pendente de certificar, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria, logo dos cambios de trazado da rede de abastecemento desde a que se pretende alimentar a infraestrutura obxecto do presente proxecto, que pertence ao Concello de Zas, realizados polos servizos técnicos municipais deste concello, co obxecto de evitar o cruce da Autovía da Costa da Morte a través dun paso superior, para facelo a través dunha obra de drenaxe transversal situada a 200 metros ao noroeste do paso superior, coa conseguinte mellora das tarefas de mantemento da rede, maior simplicidade da execución e minoración do risco para o tráfico para o caso de calquera rotura accidental da

tubaxe.

Logo de constar no expediente as autorizacións desta deputación, por afectar a unha estrada provincial, e da Axencia Galega de Infraestruturas, por afectar a unha estrada autonómica, e que segundo informa o arquitecto do Concello de Cabana de Bergantiños, cúmprense os condicionantes contidos nas mesmas, contándose ademais coa conformidade do Concello de Zas, así como cun informe de supervisión favorable emitido o 4 de febreiro de 2020 polos servizos técnicos desta deputación

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 (BOP nº 226 de 29 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación de abastecemento e saneamento na Pedra, Nantón", do Concello de Cabana de Bergantiños, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2017 co código 2017.2001.0619.0, que está adxudicado e pendente de certificar, sen variación económica, aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria e do Concello de Zas (desde o que se pretende alimentar a infraestrutura obxecto do presente proxecto) co obxecto de cambiar o trazado da rede de abastecemento deste investimento como consecuencia da modificación que realizaron os servizos técnicos municipais do Concello de Zas para evitar o cruce da Autovía da Costa da Morte a través dun paso superior, para facelo a través dunha obra de drenaxe transversal, coa conseguinte mellora das tarefas de mantemento da rede, maior simplicidade da execución e minoración do risco para o tráfico para o caso de calquera rotura accidental da tubaxe, cos seguintes datos:

		Contrata	Adxudicación	Baixa
Ampliación de abastecemento e saneamento na Pedra, Nantón. Concello de Cabana de Bergantiños Código: 2017.2001.0619.0	Deputación	127.842,85	90.420,00	37.422,85
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	127.842,85	90.420,00	37.422,85

A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/1613/76201 do vixente orzamento provincial."

9.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo", do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2100.0033.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada data 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2018, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Muros denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo", co código 2018.2100.0033.0

Logo de presentar o Concello de Muros un proxecto modificado desta obra, xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación do proxecto, así como a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e contando co informe de supervisión favorable do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Muros denominada "Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2100.0033.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 21270 do 14 de xuño de 2018, cun orzamento de contrata de 59.998,50 €, que aínda que non supón variación do seu orzamento total, representa cambios internos nas súas actuacións, eliminando algunhas delas e nos prezos das súas partidas internas para adaptalos á realidade actual

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Muros	2018.2100.0033.0	Ampliación vestiarios, accesos e evacuación campo de fútbol Eleuterio Balayo	44.998,50	15.000,00	59.998,50

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado debe quedar condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2020 no que, na partida

0430/4592/76201, consignarase crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra

3.- Notificar este acordo ao Concello de Muros para os efectos oportunos."

10.- Aprobación do proxecto de terminación da obra "Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras" do Concello de Zas, incluída no POS+ADICIONAL 1/2018 (2018.2001.0746)

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Zas do proxecto de terminación do investimento denominado "Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) POS+Adicional 1/2018, co código 2018.2001.0746, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 30453/2018 do 12/09/2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, pola que se aprobou a 1ª fase Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) Adicional 1/2018, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 188 do 3 de outubro de 2017

Logo de ver que entre os investimentos incluídos neste Plan figura, entre outras, a obra do Concello de Zas denominada "Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras", co código 2018.2001.0746.0

Logo de que o concello de Zas adxudicara á execución desta obra, e posteriormente resolvera o correspondente contrato estando as obras parcialmente executadas

Logo de presentar o Concello de Zas un proxecto para a terminación desta obra, cun orzamento de contrata de 95.643,69 €, que coincide coa achega provincial dispoñible para o seu financiamento, así como os informes favorables emitidos e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto de terminación da obra do Concello de Zas denominada "Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras", incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único dos concellos) Adicional 1/2018 co código 2018.2001.0746, que foi aprobada mediante Resolución de Presidencia número 30453/2018 do 12/09/2018, en relación co acordo plenario do 16 de maio de 2018, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 188 do 3 de outubro de 2017, estando orixinado este proxecto de terminación pola necesidade de recoller as obras pendentes de executar cun orzamento de 95.643,69 €

2.- Despois da resolución de contrato desta obra parcialmente executada, e da aprobación deste proxecto de terminación, a obra desagregase en dúas fichas de obra: unha ficha co código 18.2001.0746.0 correspondente á obra executada polo primeiro contratista; e outra ficha co código 18.2001.0746.2 para o proxecto de terminación que vai ser obxecto dunha nova adxudicación.

Os datos desta obra financiada integramente pola deputación quedan como segue:

Concello Código	Denominación	1º Contrato 18.2001.0746.0		Proxecto Terminación 18.2001.0746.2
		Contrata	Adxudicación	
Zas 18.2001.0746	Acondicionamento cunetas estrada A Piolla a Brandomil e outras	50.412,96	46.929,38	95.643,69

3.- A aprobación definitiva deste proxecto de terminación queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2020 no que, na partida 0430/4592/76201, consignarase crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra."

11.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xaneiro de 2020 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2020.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a

provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de xaneiro de 2020.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2020.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña. "

12.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

13.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao cuarto trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información prevista na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dáse conta da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao cuarto trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

14.- Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2020 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

Dáse conta do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación polo presidente.

15.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2020 de aprobación polo Pleno

VOTACIÓN

Votan a favor 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2020 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 84.136.086,58 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	38.884.243,08
SC. Suplementos de crédito:	45.251.843,50
Total aumentos:	84.136.086,58

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería:	83.855.286,58
Baixas por anulación:	280.800,00
Total financiamento:	84.136.086,58

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS**B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	1.500,00	0,00
2. Gastos correntes	5.611.149,98	280.800,00
3. Gastos financeiros	50.000,00	0,00
4. Trans. correntes	8.723.731,18	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	14.888.805,47	0,00
7. Trans. de capital	47.801.167,34	0,00
8. Activos financeiros	7.059.732,61	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	84.136.086,58	280.800,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Enaxenación investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	83.855.286,58
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	83.855.286,58

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril, e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas

locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2020 exceden do límite establecido na regra de gasto, deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.²

16.- Dación de conta da liquidación do orzamento da deputación provincial correspondente ao exercicio 2019.

1.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2019

2.- Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requerida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

17.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2019.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2019.

18.- Dación de conta dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao exercicio 2019.

Dáse conta da aprobación dos estados contables da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) correspondentes ao orzamento do exercicio 2019.

19.- Dación de conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019.

Dáse conta do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019.

20.- Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014 - 2019.

Dáse conta do informe da Intervención sobre o estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

21.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente aos anos 2018 e 2019.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente aos anos 2018 e 2019.

22.- Dación de conta do informe-resumo de resultados do Plan de control financeiro de subvencións do exercicio 2019 (subvencións pagadas no exercicio 2015 e expedientes propostos polas unidades xestoras).

Dáse conta do informe-resumo de resultados do Plan de control financeiro de subvencións do exercicio 2019 (subvencións pagadas no exercicio 2015 e expedientes propostos polas unidades xestoras).

23.- Dación de conta do Informe-resumo de resultados de control interno no Exercicio 2019 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Dáse conta do Informe-resumo de resultados de control interno do Exercicio 2019 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

24.- Dación de conta do Plan de control financeiro de subvencións para o exercicio 2020: subvencións pagadas nos exercicios 2016 e 2017, coa inclusión

dos elementos de risco propostos polo Servizo de Fiscalización.

Dáse conta do Plan de control financeiro de subvencións para o exercicio 2020 (subvencións pagadas nos exercicios 2016 e 2017, coa inclusión dos elementos de risco propostos polo Servizo de Fiscalización) elaborado pola Intervención e aprobado polo Interventor xeral.

25.- Dación de conta das entregas a conta de Marzo, Abril e Maio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta das entregas a conta de Marzo, Abril e Maio de 2020 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

26.- Dación de conta da Resolución da Presidencia número 1.071 do 14 de Xaneiro de 2020 pola que se procede a nomear á Comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 1.071 do 14 de Xaneiro de 2020 pola que se procede a nomear á Comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de recadación e polas oficinas de zona no exercicio 2019.

27.- Aprobación do Regulamento do Parque Móbil.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: ningún deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña, que se transcribe a continuación do punto cuarto.

2º.- Someter o presente acordo a exposición pública durante trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

3º.- Entender definitivamente adoptado o presente acordo no caso de que non houberse reclamacións, en caso contrario someter a novo acordo plenario para resolución destas.

4º.- Publicar o contido íntegro do regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, logo da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

REGULAMENTO DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

PREÁMBULO

Mediante o presente regulamento preténdese dar cumprimento á necesidade existente de contar con criterios reguladores do réxime de utilización dos vehículos, así como do réxime de funcionamento dos servizos de automóbiles da Deputación da Coruña.

Con este instrumento establécense os criterios que permitan axustar os servizos que presta o Parque Móbil ao nivel de demanda dos usuarios e usuarias compaxinando isto co horario laboral do persoal, maximizando a satisfacción da demanda así como a satisfacción dos condutores, cumprindo o principio de eficacia necesario no exercicio da potestade regulamentaria.

Do mesmo xeito cúmprese o principio de proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para atender os obxectivos previstos.

Doutra banda establece un marco normativo claro e estable que garante aos afectados a certeza necesaria no exercicio da actividade que presta o Parque Móbil. Ademais é coherente co resto do ordenamento xurídico respectando a xerarquía normativa.

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O obxecto deste regulamento é establecer o réxime aplicable ao conxunto de recursos materiais que integran o parque móbil da Deputación da Coruña, respecto do seu uso, administración, conservación e defensa, e aos recursos persoais vinculados directa ou indirectamente á xestión do parque móbil, de acordo cos principios de eficiencia, coordinación e control.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O Parque Móbil da Deputación da Coruña está integrado polo conxunto de vehículos adquiridos ou utilizados pola Deputación da Coruña por calquera título, destinados ao seu propio uso ou servizo público, segundo a clasificación contida no artigo 3.

Artigo 3. Clasificación e características dos vehículos do parque móbil

1. Os vehículos do Parque Móbil da Deputación da Coruña clasifícanse e adscriben do seguinte modo:

Grupo A) Vehículos ao servizo da Presidencia, de adscripción permanente

Grupo B) Vehículos que presten servizo indistintamente aos señores e señoras deputados e deputadas ou persoal ao servizo da corporación, de adscripción ocasional a requirimento do usuario.

Grupo C) Vehículos destinados ao uso de determinado persoal por razón da súa función, de adscripción continuada ao servizo ao que estean destinados.

Grupo D) Vehículos destinados a portes e carrexo, de adscripción ocasional para prestar os servizos que requiran os distintos Servizos.

2. Os desprazamentos dos vehículos do Grupo A non estarán sometidos ao

procedemento establecido no artigo 12.

3. Por Resolución do Presidente determinarase cales de entre os vehículos pertencentes aos Grupos C e D deberán estar rotulados conforme a imaxe corporativa vixente.

4. Os vehículos do Parque Móbil contan cun localizador GPS a fin de xestionar adecuadamente os recursos utilizados, ademais de servir á seguridade do propio vehículo e os seus ocupantes.

Artigo 4. Adscrición orgánica

1. Para os efectos deste regulamento, o Parque Móbil da Deputación da Coruña adscríbese organicamente á Oficialía Maior, á cal lle corresponden as facultades de dirección, coordinación e control, así como as facultades de xestión expresamente previstas neste regulamento.

2. Non obstante o anterior, ao xefe do Parque Móbil, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión e administración dos vehículos adscritos ao Parque, así como a xestión dos recursos humanos do Parque Móbil Provincial.

b) A coordinación de todos os servizos automobilísticos da Deputación provincial.

c) O seguimento e control do mantemento, conservación e reparación dos vehículos propiedade da Deputación.

Artigo 5. Servizos prestados polo parque móbil

O Parque Móbil da Deputación da Coruña prestará os servizos seguintes:

a) Vehículos de representación do señor Presidente e os señores e señoras deputados e deputadas.

b) Vehículos con condutor para persoal ao servizo da corporación no exercicio das súas funcións (tanto vehículos propios da Deputación como vehículos de servizo público).

c) Vehículos sen condutor adscritos a persoal ao servizo da corporación para o exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO II RÉXIME DE UTILIZACIÓN E RESPONSABILIDADE SOBRE OS VEHÍCULOS

Artigo 6. Usuarios do parque móbil

Son usuarios do Parque Móbil, os señores e señoras deputados e deputadas, o persoal ao servizo da corporación no exercicio das súas funcións, e o persoal alieo á Deputación ao que por razóns de representación e para funcións relacionadas coa actividade provincial se lle facilite un vehículo que forme parte do Parque Móbil da Deputación da Coruña.

Artigo 7. Servizos dispoñibles

Servizo diario a petición previa: O Parque Móbil, facilitaralles aos usuarios/as solicitantes un vehículo para desprazarse conforme o establecido no capítulo III deste regulamento.

Servizo diario de oficio: O Parque Móbil, disporá dun servizo diario para transporte dentro do termo municipal para xestións entre os distintos edificios de servizos provinciais e outras administracións públicas.

Para estes casos, o Parque Móbil poñerá, de oficio, cada día polo menos un vehículo do Grupo B con condutor, para a súa disposición durante toda a xornada normal de

traballo e así cubrir as necesidades non previstas na planificación. A petición de servizo realizarase necesariamente a través do Parque Móbil, sen cuxa autorización inmediata por calquera medio, non poderá efectuarse o servizo.

Servizo de garda: O Parque Móbil, disporá dun servizo de garda en días non laborables.

Artigo 8. Criterios de asignación de vehículos

Para a asignación de vehículos con condutor utilizarase como criterio a orde xerárquica e cronolóxica de petición.

Artigo 9. Conservación, mantemento e reparación de vehículos en propiedade

1. A reparación, conservación e mantemento de todos os vehículos propiedade da Deputación, poderá ser contratada centralizadamente, previa declaración de uniformidade e adquisición centralizada polo órgano competente.

2. Esta contratación, comprenderá o servizo integral de mantemento, conservación e reparación que inclúa o mantemento rutineiro do vehículo, cambio de pneumáticos e as reparacións que sexan consecuencia do desgaste derivado do uso normal, non accidental, do vehículo.

3. En calquera caso, correspóndelle ao Parque Móbil o mantemento, conservación e reparación dos vehículos que o integran.

Artigo 10. Uso adecuado e eficiente dos vehículos oficiais

1. Os usuarios e usuarias unicamente poderán utilizar vehículos oficiais para actividades relacionadas directamente co seu labor na Deputación.

2. Cando unha actividade requira a presenza de representantes de varias áreas da Deputación, os usuarios e usuarias deberán, na medida do posible, xustificar a imposibilidade de compartir vehículo.

Artigo 11. Responsabilidade por danos

Os usuarios e usuarias dos vehículos que integran o Parque Móbil da Deputación da Coruña responden dos danos derivados da súa utilización, ocasionados ao propio vehículo ou a outros bens ou persoas, cando concorra dolo, culpa ou negligencia graves. Nestes supostos repercutirá sobre a persoa usuaria a responsabilidade civil ou administrativa que se derive.

CAPÍTULO III RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 12. Solicitude dos servizos

1. Os usuarios e usuarias de vehículos dos Grupos B e E a que se refire o artigo 3 tramitarán o expediente de solicitude a través de plataforma electrónica habilitada para o efecto de acordo coas seguintes regras:

a) O persoal poderá facer uso do servizo de vehículos naqueles casos en que este sexa autorizado previamente pola Xefatura do Servizo de que se trate, utilizando a plataforma electrónica tanto para a solicitude de utilización do servizo como para a súa aprobación por parte dos responsables. No caso dos señores e señoras deputados e deputadas establecerá o Presidente o sistema de tramitación da solicitude.

- b) Con carácter xeral a solicitude de servizo realizárase antes das 12:00 horas do día laborable inmediatamente anterior ao servizo solicitado. No caso de que non houbese vehículo de servizo dispoñible, o Parque Móbil tramitará servizo de taxi.
- c) Cando o servizo solicitado comporte facer noite o vehículo e, no seu caso, o condutor fóra das dependencias do Parque Móbil, debe indicarse na solicitude correspondente, debendo neste caso realizar a petición cunha antelación mínima de 48 horas para facilitar as xestións de aloxamento e aparcadoiro que se ha realizar no seu caso.
- d) Os desprazamentos que non obedezan ao traballo habitual do usuario e deban ser considerados como comisión de servizo, tramitaranse a través do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. Neste suposto, para utilizar un vehículo do Parque Móbil presentárase a orde de comisión de servizos.
- e) Non poderá ser solicitado ningún tipo de servizo que non leve especificado a orixe e destino ou destinos do servizo.

2. Os usuarios e usuarias dos vehículos do Grupo C tramitarán os desprazamentos a través da plataforma electrónica habilitada para o efecto, cos fins do artigo 17.

Artigo 13. Confirmación dos servizos

- 1. A acreditación da recepción efectiva das peticións no Parque Móbil non comporta a conformación da realización do servizo.
- 2. Os peticionarios poderán confirmar a través da plataforma a realización do servizo solicitado, con carácter xeral a partir das 14:00 horas do día laborable inmediatamente anterior ao do servizo solicitado, podendo coñecer os detalles respecto diso: vehículo, no seu caso condutor asignado e o seu teléfono móbil, ou calquera outro que se considere necesario.
- 3. Cando nun momento dado os recursos dispoñibles impidan realizar a totalidade dos servizos solicitados, o Parque Móbil propondrá aos peticionarios cambios nos servizos para facer viable a súa materialización, a súa substitución polo servizo de taxi, o aprazamento ou a anulación de servizo de acordo con criterios de urxencia e interese para a Corporación. En todo caso teñen prioridade na asignación de recursos os servizos de representación, entendendo como tal os desprazamentos dos señores e señoras deputados e deputadas en actos en que deba estar representada a Deputación.

Artigo 14. Desenvolvemento dos servizos

- 1. Unha vez confirmado un servizo, este axustarase ao horario e lugar de recollida establecidos na solicitude.
- 2. Os condutores son os responsables persoais das posibles infraccións de tráfico e as correspondentes sancións económicas ou doutro tipo (perda de puntos, suspensión de permiso de condución, etc...) Os ocupantes do vehículo evitarán calquera comportamento que poida incidir nesta materia, en particular en relación ao uso do cinto de seguridade, así como na programación do horario que permita axustar a duración do desprazamento coa velocidade permitida.
- 3. Cando o servizo solicitado comporte facer noite no destino do vehículo e do condutor, terase en conta o previsto no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo, sobre indemnizacións por razón do servizo. Sen prexuízo de variacións ocasionais con obxecto de optimizar a organización e xestión nestes casos, como poida ser a inclusión de condutores en comidas de delegacións oficiais, nese caso comunicárase

ao Parque Móbil para evitar a súa repercusión como axuda de custo.

4. Os condutores non poderán inxerir ningún tipo de substancia que poida afectar á súa capacidade de conducir, alcol, estupefacientes ou calquera tipo de medicamento contraindicado. Para tal fin poderanse realizar probas aleatoriamente de acordo cos estándares recollidos polo Regulamento xeral de circulación.

5. Os condutores do Parque Móbil son responsables de comunicarlles aos seus superiores calquera circunstancia (saúde, medicación, legal, dietética, etc...) que limite a súa capacidade de conducir vehículos e a súa duración, xa sexa temporal ou definitiva.

Artigo 15. Finalización do servizo

1. Os lugares de desprazamento e a hora de finalización dun servizo de vehículo con condutor axustaranse ás necesidades do usuario.

2. Por Resolución do Presidente regularase a tramitación dos partes de servizo para efectos de duración

CAPÍTULO III DO CONTROL

Artigo 16. Rexistro de condutores

1. O rexistro de condutores da Deputación Provincial da Coruña será levado no Parque Móbil da Deputación sen prexuízo das competencias respecto do Rexistro de Persoal que lle corresponden ao Servizo de Xestión e Planificación de Recursos Humanos, quen enviará ao Parque Móbil os datos correspondentes.

2. Anotarase no citado rexistro o persoal cuxo traballo consista en conducir vehículos para o transporte de persoas e cousas, así como os que necesiten desprazarse por razón das súas funcións. En ambos os casos será necesaria a autorización para conducir vehículos, xa sexa con carácter indefinido ou con carácter temporal.

Artigo 17. Rexistro de servizos

1. No Parque Móbil dispórase dun rexistro de servizos, onde se anotarán os realizados por condutor e vehículo. Recollerase información sobre percorridos, consumos e demais datos necesarios para elaborar unha memoria anual, salvo o que estableza o Presidente respecto dos vehículos do Grupo A.

Para a prestación dos servizos non se utilizará ningún vehículo que non estivese previamente establecido no cuadrante previsto diariamente e o condutor asignado a un servizo non permitirá conducir o vehículo ao seu cargo a persoa ningunha, salvo situacións de emerxencia.

2. Para materializar a xestión da información esixida por este regulamento, o Servizo de Informática implementará, cos requirimentos que defina a dirección do Parque Móbil, unha aplicación informática que permita atender con axilidade as potenciais necesidades de información respecto diso.

Artigo 18. Partes de servizo

1. Mediante Resolución do Presidente establecerase o procedemento de tramitación dos partes de servizo onde figure toda a información relativa a este necesaria para a tramitación de pagamento de axudas de custo e indemnizacións de condutores e/ou usuario, así como de tramitación de danos e outras posibles incidencias.

CAPÍTULO IV PERSOAL CONDUTOR

Artigo 19. Clases de condutores autorizados para conducir vehículos do Parque Móbil:

Conductor: Persoal cuxa tarefa habitual e normal consiste no transporte en vehículos oficiais dos señores e señoras deputados e deputadas, o persoal funcionario no exercicio das súas funcións, e o persoal alleo á Deputación ao que por razóns de representación e para funcións relacionadas coa actividade provincial se lle facilite o servizo.

Ademais de desenvolver transporte de persoas, levarán a cabo tarefas de transporte de maletas, paquetes, documentación, etc., así como outras tarefas auxiliares, cando así o permita a situación de espera ou presenza.

Persoal condutor autorizado: Aquel que para o desempeño das súas funcións precisa desprazarse en vehículo automóbil, tanto ocasional como permanentemente, xa sexa persoal ao servizo da corporación ou deputado.

Artigo 20. Deberes dos condutores

Os condutores do Parque Móbil terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as ordes e servizos que lle sexan encomendados.
- b) Gardar a máis absoluta reserva na prestación dos servizos, sen prexuízo do informe que lles poida ser solicitado polo seu xefe para facilitar a súa misión inspectora
- c) Seguir as ordes de servizos dos usuarios e usuarias do vehículo, no seu caso, sempre que non impliquen prexuízo grave para o material nese caso, de maneira correcta, deberán poñelo en coñecemento do usuario/a quen poderá decidir baixo a súa responsabilidade, de maneira irrefutable, sen prexuízo de que o condutor dea conta aos seus xefes das ordes que entenda improcedentes.
- d) Gardar as disposicións vixentes en materia de circulación de vehículos.
- e) Dar conta ao xefe do Parque Móbil das deficiencias observadas no funcionamento dos vehículos, absténdose de realizar en por si reparación algunha, excepto en plena estrada no caso de que a urxencia e a nimiedade das reparacións así o aconsellen. Noutro caso, realizar a petición de auxilio correspondente.
- f) Responsabilizarse da conservación do material ao seu cargo.
- g) Cubrir os partes correspondentes e asegurarse de que o usuario asina a conformidade.
- h) Vestir o uniforme regulamentario, para o persoal condutor de vehículos dos grupos A, B e D.
- i) Transporte de persoas e cousas. Facilitar a entrada e saída aos pasaxeiros desde fóra do vehículo, e recoller na dependencia de orixe o material que se transporte no vehículo para a súa entrega posterior ao destinatario.

O persoal condutor autorizado está obrigado a:

- a) Gardar as disposicións vixentes en materia de circulación de vehículos.
- b) Dar conta ao xefe do Parque Móbil das deficiencias observadas no funcionamento dos vehículos, absténdose de realizar en por si reparación algunha. En caso de avaría na estrada, realizar a petición de auxilio correspondente.
- c) Responsabilizarse da conservación do material ao seu cargo.

Artigo 21. Uniforme regulamentario

1. A Deputación dotará os condutores da uniformidade que se describe nos apartados

seguintes, con cargo ao seu orzamento:

- a) Traxe completo, sen chaleco, en cor lisa azul mariño, chaqueta cunha fila de botóns e pantalón recto sen volta.
- b) Tres camisas en cor lisa, azul claro ou branco.
- c) Gravata en cor lisa azul mariño.
- d) Calzetíns negros
- e) Zapatos negros lisos.
- f) Peza de abrigo de pano de cor azul mariño liso.
- g) Gabardina ou peza para choiva de cor azul mariño liso.

2. Os uniformes fornecerase dúas veces ao ano, unha no inverno e outra no verán, con adaptación dos materiais a cada estación. As pezas de abrigo repóranse cada dous anos.

Artigo 22. Xornada regulamentaria dos condutores

A xornada regulamentaria dos condutores adscritos ao Parque Móbil da Deputación Provincial da Coruña será a seguinte:

Xornada laboral: A xornada laboral dos condutores, persoal de especial dedicación, é de corenta horas semanais. Os traballadores non poderán realizar unha xornada diaria total superior a doce horas, incluídas, no seu caso, as horas extraordinarias.

A duración máxima da xornada ordinaria de traballo e os límites establecidos para as horas extraordinarias serán de aplicación ao tempo de traballo efectivo. As horas de presenza non computarán para efectos da duración máxima da xornada ordinaria de traballo.

Tempo efectivo de traballo: aquel en o que o traballador se atope ao dispor da Deputación e no exercicio da súa actividade, realizando as funcións propias da condución do vehículo ou outros traballos durante o tempo de circulación destes, ou traballos auxiliares que se efectúen en relación co vehículo, os seus pasaxeiros ou a súa carga.

Enténdense comprendidos dentro do tempo de traballo efectivo os períodos durante os que o traballador non pode dispor libremente do seu tempo e ten que permanecer no lugar de traballo disposto a realizar o seu traballo normal, realizando as tarefas relacionadas co servizo, incluídos, en particular, os períodos de espera de carga e descarga cando non se coñeza de antemán a súa duración previsible.

Tempo de presenza: aquel en o que o traballador se atope ao dispor da Deputación sen prestar traballo efectivo, por razóns de espera, expectativas, servizos de garda, avarías, comidas en ruta ou outras similares.

Enténdense comprendidos dentro do tempo de presenza os períodos distintos das pausas e dos descansos, durante os que o traballador non leva a cabo ningunha actividade de condución ou outros traballos e non está obrigado a permanecer no seu lugar de traballo, pero ten que estar dispoñible para responder a posibles instrucións que lle ordenen emprender ou renovar a condución ou realizar outros traballos.

En ningún caso poderán exceder de vinte horas semanais de media nun período de referencia dun mes, respectando os períodos de descanso.

Descanso entre xornadas: Deberase respectar en todo caso un descanso mínimo entre xornadas de dez horas, podéndose compensar as diferenzas ata as doce horas establecidas con carácter xeral en períodos de ata catro semanas.

Descanso semanal: Deberase respectar en todo caso un descanso mínimo semanal de día e medio, preferentemente en sábado e domingo, podéndose compensar as diferenzas en períodos de ata catro semanas.

Horas extraordinarias: As horas extraordinarias teñen un límite de 80 horas anuais.

Os límites establecidos para as horas extraordinarias serán de aplicación ao tempo de traballo efectivo.

As horas de presenza non computarán para o límite máximo das horas extraordinarias.

Salvo que se acorde o seu aboamento, as horas extras compensaranse con períodos equivalentes de descanso retribuído.

De acordo co establecido nos apartados anteriores o Presidente establecerá mediante resolución a distribución da xornada.

CAPÍTULO IV NORMAS DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS E ACCESO ÁS INSTALACIÓN

Artigo 23. Estacionamento de vehículos

1. O lugar de estacionamento e depósito de todos os vehículos do Parque Móbil cando estivesen fóra de servizo, será o garaxe das instalacións do Parque Móbil, salvo que, en consideración ao lugar de prestación dos servizos, por Resolución do Presidente se conceda autorización para estacionar o vehículo fóra do termo municipal da Coruña.

2. No caso de que haxa prazas vacantes de estacionamento poderase autorizar temporalmente por resolución da Presidencia o estacionamento doutros vehículos de servizos públicos. Igualmente é necesaria autorización para o estacionamento de vehículos privados.

Artigo 24. Acceso ás instalacións

Para o debido control e seguridade das dependencias do Parque Móbil e dos vehículos alí depositados, facilitarase unha tarxeta de identificación e acceso que deberá ser exhibida no interior do parabrisas para acceder ao recinto e durante o espazo de tempo que permaneza nel.

Disposición derogatoria única

Derróganse as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste regulamento, e en particular a seguinte:

- Regulamento do parque de automóbiles e maquinaria da Excm. Deputación provincial

Disposición final primeira. Desenvolvemento

Facúltase o Presidente da Deputación da Coruña, para a adopción de todos os acordos que en desenvolvemento deste regulamento se poidan adoptar.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

28.- Aprobación do Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022

Sra. Gallego Neira

Simplemente explicar o sentido do noso voto, e é que imos absternos. Estamos totalmente de acordo con que haxa un Plan estratéxico de subvencións, así o pedimos, e nese sentido nada que obxectar, pero si o que botamos de menos é a exposición ao público a favor da transparencia e da participación e tal e como é o criterio da IGAE neste sentido. Entón, imos absternos por ese motivo.

Sr. Presidente

Neste punto quixera pararme un segundo porque, efectivamente, entre outros departamentos e axentes que participan no eido da tramitación e resolución de expedientes de subvencións, o propio Partido Popular efectivamente xa co anterior portavoz, era unha reclamación permanente en cada expediente, se apoiaban as resolucións de expedientes de subvención aquí en Pleno, pero en calquera caso reclamábase a elaboración dun Plan estratéxico, que non é un documento, como podedes comprobar tipo, é un documento moi traballado, con moita profundidade, con moita análise, onde quero agradecer enormemente, ou queremos agradecer enormemente, o equipo de goberno e a Corporación ao completo a todos os departamentos, con Manuel Vázquez Sesmonde ao fronte, e a propia Intervención, a Secretaría, que tiveron que ver coa elaboración dun documento que é estratéxico, e que garante digamos que a maior transparencia, que garante a maior seguridade xurídica na concesión de subvencións ás distintas entidades sen ánimo de lucro, que fan un labor específico na nosa provincia. Co cal, moitísimas grazas a todos porque creo que é un momento, outro momento importante máis, outro paso máis na exemplaridade desta institución. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado/a

Abstéñense: 13 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación provincial da Coruña 2020/2022 cuxo texto se transcribe:

INTRODUCCIÓN

1.1. CONTEXTO ACTUAL E MARCO NORMATIVO

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, confirma a modificación introducida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, en relación co artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que ampliaba as competencias provinciais no ámbito da planificación indicando expresamente que:

“1. Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes: (...)

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.”

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante, LXS), introduciu a obriga para os órganos das administracións públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións, de elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deberían concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, axustándose en todo caso aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Este artigo foi desenvolvido polo Regulamento da LXS (en adiante, RXLS), aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que nos seus artigos 10 ao 15 establece cales deben ser os principios reitores, o ámbito e contido dos plans estratéxicos de subvencións, así coma a competencia que debe realizarse para a súa aprobación e o seu seguimento.

A Deputación da Coruña, de conformidade coas competencias que lle foron atribuídas en materia de planificación e en cumprimento da LXS e o seu Regulamento de desenvolvemento, elabora o **Plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación da Coruña 2020/2022**, en adiante **PES/DAC**.

O PES/DAC é un instrumento para planificación e xestión da actividade de fomento da Deputación da Coruña para o período 2020/2022, no que se establecen os principios básicos que fundamentarán neste período a proposta de tramitación de subvencións, premios e bolsas no ámbito provincial, así como o seu seguimento e avaliación.

A súa finalidade é, por un lado, contribuír a través dunha planificación axeitada dos recursos dispoñibles, ao desenvolvemento socioeconómico da provincia en base a modelos sustentables, dinámicos e innovadores que promovan no seu territorio valores sociais, ambientais, culturais e económicos que garantan o seu crecemento sustentable; e por outro, acadar a máxima eficacia na utilización e xestión destes recursos, permitindo unha distribución axeitada e suficiente dos mesmos, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade presupostaria.

O artigo 11.4 do RXLS establece que os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente. Así, o alcance no tempo deste PES/DAC está limitado ao período 2020/2022, facendo especial fincapé no 2020, coa finalidade de que nos exercicios posteriores este plan poida actualizarse ou, no seu caso, confirmar, modificarse, substituír ou anular o disposto nel.

Como se menciona na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, para o cumprimento do principio de eficiencia económica “devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir”.

En definitiva, e con independencia do seu alcance temporal, o Plan enfócase cara á mellora do capital social, institucional, económico e cultural da provincia da Coruña, reforzando o papel da entidade provincial como vertebradora do equilibrio territorial, constituíndo un instrumento que permita racionalizar e optimizar a actividade de fomento da Deputación.

O **marco normativo** básico no que se encadra o PES/DAC é o seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local
- Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Xa a nivel provincial, completan o marco normativo xeral, as Bases de execución do orzamento da deputación, que resulten aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos, e a mencionada Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, publicada no BOP nº 72 do 15/04/2019.

Cada ano os orzamentos do organismo provincial establecen as normas xerais presupostarias ás que se deberán de axustar as subvencións e transferencias que outorgue a Deputación da Coruña. Así mesmo serán de aplicación, no desenvolvemento deste PES/DAC, as bases específicas reguladoras que cada ano se establecen para as distintas convocatorias de plans, subvencións, premios e bolsas definidas neste Plan estratéxico.

Finalmente, a xurisprudencia emanada do Tribunal Supremo, concretamente a sentenza do 16 de abril de 2013, así como as sentenzas con datas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, razoaron que os plans estratéxicos de subvencións aos que se refire o art. 8.1 da LXS “teñen carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir polo menos aquilo a que elude o apartado 1 do artigo 8”. E remarca que non equivale a este plan, como é obvio, “a mera inclusión no orzamento municipal dunha partida destinada a facer efectivas as axudas de que se trata”.

1.2. NATUREZA E FINALIDADES DO PES/DAC

Natureza

O PES/DAC é un instrumento de carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A súa efectividade quedará sempre condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de fomento nel contidas, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

En consecuencia, a aprobación do PES/DAC non supón a xeración de dereito ningún en favor das

potenciais entidades e/ou persoas beneficiarias. O plan concíbese coma unha guía que, dentro do marco normativo establecido, marca a pauta a seguir na liña de fomento de actividades de interese xeral.

O PES/DAC configúrase como un complemento necesario para artellar, de conformidade co establecido na lei, a concesión de subvencións dentro do exercicio da actividade de fomento da Deputación. Este documento programático representa a visión obxectiva da acción, completando o mandato legal de respecto aos principios de transparencia e equilibrio orzamentario.

É, polo tanto, unha ferramenta imprescindible para a planificación e racionalización dos recursos públicos no exercicio da acción de fomento da entidade provincial.

Finalidades

No marco do PES/DAC, a Deputación da Coruña inclúe **plans, subvencións, premios e bolsas** a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, **coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social, ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos pola normativa de réxime local e do resto do ordenamento xurídico ás deputacións provinciais.**

Nas convocatorias de subvencións provinciais delimitaranse con claridade as persoas ou entidades que poden acceder a estas, os compromisos que se asumen ao participar nestas convocatorias, e aceptar, no seu caso, a axuda provincial concedida. Por outra parte, como se indica no apartado 2 do artigo 5 da Ordenanza xeral de subvencións, haberá que ter en conta que:

As persoas físicas beneficiarias deberán ter capacidade de obrar ou, noutro caso, actuar por medio da persoa que exerza a súa patria potestade, tutela ou curatela. As persoas xurídicas que formen parte do grupo dunha administración pública deberán acreditar a inscrición no inventario ao que se refire o artigo 83 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e as persoas xurídicas privadas a inscrición dos seus estatutos no rexistro público correspondente. Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros, agás as excepcións que motivadamente se poidan establecer nunha convocatoria específica.

1.3. COORDINACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Coa finalidade principal de prever a coordinación co resto de administracións públicas e coa actividade desenvolvida por entidades privadas, crearase, de conformidade co contido na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), unha referencia informativa de axudas na provincia, que conteña información relevante sobre actividade de fomento con incidencia no territorio provincial. Nesta referencia informativa recollerase a información esencial de todas as axudas públicas aprobadas e publicadas con incidencia na provincia da Coruña, e tamén se recollerán nela as actividades de fomento promovidas desde entidades privadas.

Partindo da información publicada na BDNS, a referencia informativa será constituída e completada polos Servizos de Informática e Administración Electrónica e o de Desenvolvemento Territorial e Medio

Ambiente.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN E MODALIDADES DE SUBVENCIÓN

Ámbito de aplicación

Con carácter xeral, o **ámbito de aplicación** principal do PES/DAC é o establecido nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación do exercicio correspondente, que inclúe un título relativo á aplicación das normas xerais ás que deberán axustarse as subvencións e transferencias que outorgue a deputación.

O ámbito de aplicación do PES/DAC abarca todas as modalidades de plans, subvencións, premios e bolsas que se xestionan desde os distintos servizos competentes da Deputación da Coruña, que son:

1. Acción Social, Cultural e Deportes
2. Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
3. Oficialía Maior. Normalización Lingüística
4. Promoción Económica, Turismo e Emprego
5. Xestión de Plans

Modalidades de subvención

Atendendo ao establecido na LXS, a Ordenanza xeral de subvencións e ás Bases de execución do orzamento da Deputación provincial para cada anualidade, as subvencións enmarcadas neste PES/DAC, serán outorgadas:

- **En réxime de concorrencia competitiva**, que será o réxime ordinario de concesión, correspondéndose ben con aquel no que a concesión de subvencións se establece mediante unha orde de prelación das solicitudes presentadas conforme os criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria realizada para o efecto, ou ben con aquel en que a concesión de subvencións será para aqueles concellos ou entidades que cumpran as condicións predeterminadas, que se establecerán por cada liña de subvención, e por orde de chegada, ata o fin do orzamento da liña á que se lle confira tal carácter.

- **Concesión directa**, do que unicamente poderá facerse uso nos supostos seguintes:

- As subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos anuais da Deputación.
- Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- As subvencións que veñan impostas por norma de rango legal, debendo terse en conta o procedemento de adxudicación que describa a propia norma que a crea ou impón.

Para a súa atención singularizada, as propostas de actuacións de carácter supramunicipal terán acreditado o seu interese público.

Todas as subvencións obxecto de concesión directa, unha vez aprobadas polo órgano provincial correspondiente, serán incluídas neste PES/DAC.

Compatibilidade

As normas específicas reguladoras de cada liña de fomento provincial incluírán unha referencia a súa compatibilidade con outras axudas aprobadas ou que poidan aprobarse, tanto por a propia Deputación como por outras entidades públicas.

3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

A elaboración do PES/DAC responde a unha planificación estratéxica das políticas provinciais de fomento para as anualidades de 2020, 2021 e 2022.

O plan configúrase como un instrumento eficaz da xestión provincial, cuxa finalidade é orientar a distribución racional dos recursos económicos dispoñibles, mediante achegas dinerarias para a consecución dos obxectivos nel establecidos. Responde a unha necesidade de implantación de medidas de coordinación, seguimento e control da actividade subvencional da entidade provincial na asignación dos recursos e na execución das políticas provinciais.

O establecemento de subvencións pola Deputación durante o período 2020/2022 axustarase ao que con carácter programático se estableza no PES/DAC, sen prexuízo da súa eventual modificación nos termos que neste se dispoñen.

O PES/DAC pretende acadar unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade de fomento da Deputación da Coruña e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, mediante a

racionalización e simplificación das accións de fomento da entidade.

Na elaboración do PES/DAC así como no establecemento dos seus obxectivos estratéxicos e operativos, consideráronse, no seu ámbito de competencias, as liñas estratéxicas marcadas a nivel europeo, nacional e galego:

Os obxectivos na Estratexia Europa 2020:

No documento da Comisión Europea COM (2010) 2020 final, Comunicación da Comisión “EUROPA 2020 Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador do 03/03/2010, aprobado polo Consello Europeo o 17/06/2010, a UE trata de conseguir, nun mundo en transformación, unha economía intelixente, sustentable e integradora. Estas tres prioridades que se reforzan mutuamente contribuirán a que a UE e os seus estados membros xeren niveis máis altos de emprego, produtividade e cohesión social.

A Unión Europea estableceu para o ano 2020 cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía. En cada unha destas áreas, cada estado membro e cada rexión fixaron os seus propios obxectivos.

Os obxectivos estratéxicos galegos:

Máis polo miúdo, tamén se tivo en consideración as prioridades de actuación previstas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. O Plan estratéxico 2015-2020 está estruturado en tres niveis principais: eixe, prioridade de actuación e obxectivo estratéxico/obxectivo instrumental. En relación co anterior, este plan consta de 5 eixes prioritarios, 20 prioridades de actuación, 74 obxectivos estratéxicos e 21 obxectivos instrumentais.

Os obxectivos de desenvolvemento sustentable:

Con independencia dos obxectivos estratéxicos establecidos a nivel UE, España e Galicia, na planificación da actuación de fomento provincial tamén haberá que ter presente os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) incorporados á Axenda 2030, aprobada no Cume Mundial sobre Desenvolvemento Sustentable de 2015. Os ODS intégranse por 17 obxectivos de aplicación universal que, desde o 1 de xaneiro de 2016, rexen os esforzos dos países para lograr un mundo sustentable no ano 2030.

Os ODS son herdeiros dos obxectivos de desenvolvemento do milenio e buscan ampliar os éxitos alcanzados con eles, así como lograr aquelas metas que non foron conseguidas.

Estes novos obxectivos, aínda que non son xuridicamente obrigatorios, presentan a singularidade de instar a todos os países, xa sexan ricos, pobres ou de ingresos medianos, a adoptar medidas para promover a prosperidade á vez que protexen o planeta. Recoñecen que as iniciativas para acabar coa pobreza deben ir da man de estratexias que favorezan o crecemento económico e aborden unha serie de necesidades sociais, entre as que cabe sinalar a educación, a saúde, a protección social e as oportunidades de emprego, á vez que loitan contra o cambio climático e promoven a protección do medio ambiente.

En coherencia coa planificación exposta, defínense para o PES/DAC 2020/2022 os seguintes obxectivos xerais, incluíndo nos obxectivos provinciais os estratéxicos e os operativos:

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

O Plan busca a consecución dos seguintes **obxectivos xerais**:

1. **Planificación nas políticas provinciais de fomento**
Dotar a Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da súa competencia, promovendo a colaboración intermunicipal.
2. **Racionalización dos recursos provinciais**
Mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións mediante a definición de instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto dos diferentes servizos e contribuír así a unha maior equidade, eficacia e eficiencia na distribución dos recursos provinciais.
3. **Transparencia e bo goberno**
Mellorar a transparencia, acceso á información pública e bo goberno e preparar a entidade provincial para as novas obrigas que se derivarán da futura normativa sobre estas materias.

3.2. OBXECTIVOS PROVINCIAIS

Os **obxectivos estratéxicos** do PES/DAC describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción de fomento da Deputación durante o período de vixencia do Plan e están vinculados aos correspondentes programas orzamentarios aprobados polo Pleno da entidade provincial.

Estes obxectivos estratéxicos están vinculados aos 3 eixes/factores sobre os que pivota a actividade de fomento da Deputación:

FACTOR I - Impulso institucional - capacidade institucional
FACTOR S - Impulso social - capacidade social
FACTOR E - Impulso económico - capacidade económica

Estes factores/eixes están encamiñados ao cumprimento por parte da Deputación, da súa misión de apoiar os concellos e demais entidades locais da provincia e a procurar o incremento do seu capital social, apoiando actividades de entidades públicas e privadas da provincia.

En base ao anterior, os **obxectivos estratéxicos** do PES/DAC son os seguintes:

NÚMERO	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	FACTOR
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I

2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais e garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos	S
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE
4º	Apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito provincial	SE
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S
6º	Promover o turismo local e provincial	SE
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos	I
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S

No marco dos factores/eixes e obxectivos estratéxicos definidos, os servizos da Deputación que executan a actividade de fomento para a consecución dos obxectivos tanto xerais coma estratéxicos da acción provincial son:

FACTOR PREFERENTE	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
I	Servizo de Xestión de Plans
	Oficialía Maior. Unidade Técnica de Normalización Lingüística
	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Patrimonio e Contratación
S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
E	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Así, os servizos provinciais que, a través da xestión da actividade de fomento, contribúen a acadar, con carácter preferente, os obxectivos estratéxicos establecidos no PES/DAC durante a súa vixencia, son:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		FACTOR	ÁREA / SERVIZO REFERENTE
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal	I	Servizo de Xestión de Plans
2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais e garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
4º	Fomentar o emprego e a integración social	SE	Servizo de Promoción Económ., Turismo e Emprego Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente
6º	Promover o turismo local e provincial	SE	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Servizo de Patrimonio e Contratación
8º	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	S	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
9º	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos	I	Oficialía Maior. Unidade Tec. de Normalización Lingüística Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
10º	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	S	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos, fíxanse os seguintes **obxectivos operativos**:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		OBXECTIVOS OPERATIVOS	
E.01	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia e promover a actuación supramunicipal	O.01	Asegurar a prestación por parte dos municipios dos servizos de competencia municipal, individualmente ou en asociación
		O.02	Favorecer as dotacións de equipamentos e infraestruturas necesarias para a prestación de servizos
		O.03	Contribuír á mellor optimización e conservación de instalacións e infraestruturas
		O.04	Mellora da situación financeira das entidades locais na provincia
E.02	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais e garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos	O.05	Proporcionar asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos comunitarios.
		O.06	Incidir na prevención e atención a situacións de dependencia e/ou que favorezan a autonomía das persoas e a mellora da súa calidade de vida
		O.07	Promover o desenvolvemento no ámbito provincial, de políticas de igualdade entre homes e mulleres e loita contra a violencia de xénero
		O.08	Apoiar o voluntariado e as redes de apoio social ás persoas e colectivos desfavorecidos
		O.09	Apoiar ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
E.03	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	O.10	Fomentar o desenvolvemento de sectores estratéxicos, a competitividade e a xeración de emprego na provincia
		O.11	Favorecer o mantemento e a recuperación demográfica do medio rural
		O.12	Potenciar o desenvolvemento de infraestruturas económicas e produtivas que favorezan a xeración de iniciativas empresariais
		O.13	Apoiar o desenvolvemento rural e reforzar as actividades artesanais e o sector primario
		O.14	Impulsar a creación de empresas e fomentar o emprendemento

		O.15	Apoiar ao tecido empresarial provincial
		O.16	Fomentar o asociacionismo e apoiar o tecido asociativo
E.04	Fomentar o emprego e a integración social	O.17	Impulsar e apoiar a realización de programas de formación para o emprego e a inserción laboral
		O.18	Facilitar a inserción sociolaboral dos colectivos con maior taxa de desemprego
		O.19	Contribuír a reforzar e complementar os servizos de emprego e desenvolvemento local municipais
		O.20	Fomentar o emprego verde e o autoemprego
E.05	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	O.21	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade e a loita contra o cambio climático
		O.22	Fomentar o aforro e a eficiencia enerxética
		O.23	Promover e apoiar a realización de eventos sustentables no ámbito local
		O.24	Fomentar o consumo responsable e o uso racional dos recursos naturais
		O.25	Promover a economía circular como base para o crecemento sustentable da provincia
		O.26	Desenvolver programas que procuren a recuperación do patrimonio natural e paisaxístico e a conservación dos recursos naturais
		O.27	Promover e apoiar accións contra o maltrato animal e a tenencia responsable de mascotas
		O.28	Apoiar e impulsar accións de sensibilización, formación e información ambiental
		O.29	Desenvolver, impulsar e apoiar plans, programas e actuacións de fomento da mobilidade sustentable e accesibilidade
E.06	Promover o turismo local e provincial	O.30	Promover o turismo provincial e local

		O.31	Apoiar o desenvolvemento da actividade turística como xeradora de riqueza local
		O.32	Contribuír á mellora integral dos destinos turísticos da provincia
		O.33	Apoiar o desenvolvemento e consolidación de produtos turísticos estratéxicos
		O.34	Apoiar a xestión dos xeodestinos da provincia
		O.35	Coordinar a actividade turística con outras institucións públicas e privadas
E.07	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	O.36	Ampliar a oferta cultural provincial e garantir o acceso á cultura a toda a poboación
		O.37	Apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local
		O.38	Promover a actividade cultural en todas as súas manifestacións
		O.39	Promover a lingua e a cultura galegas
E.08	Impulsar actividades e programas que contribúan ao estímulo da práctica da actividade física e o deporte como principio de saúde	O.40	Impulsar e apoiar actividades de difusión deportiva, eventos deportivos favorecedores da extensión e divulgación do deporte no ámbito persoal, cultural, educativo e social
		O.41	Apoiar e mellorar a prestación de servizos deportivos a nivel provincial
		O.42	Contribuír ao mantemento de infraestruturas deportivas e equipamento
E.09	Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos	O.43	Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades
		O.44	Apoiar o proceso de normalización dos servizos provinciais e municipais e implicar progresivamente á sociedade en xeral
		O.45	Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega
E.10	Impulsar os proxectos europeos e a solidariedade internacional	O.46	Apoiar e participar en accións de cooperación ao desenvolvemento levadas a cabo por outras institucións, empresas e entidades do terceiro sector da provincia

		O.47	Facilitar a coordinación e xestión de entidades e organismos galegos no exterior, así como a provisión dos recursos axeitados para o correcto desempeño das súas funcións
		O.48	Dinamizar a actividade dos centros galegos no exterior a través do apoio á realización de iniciativas e programas do seu interese e para o fortalecemento e mellora da calidade de vida da poboación galega no exterior
		O.49	Achegamento da política e valores europeos á cidadanía e todas as entidades con actividade na provincia
		O.50	Impulsar e colaborar na posta en marcha de proxectos de formación e sensibilización sobre cooperación ao desenvolvemento, e contra o racismo e a xenofobia, promovidos por entidades públicas e privadas da provincia

4. EFECTOS E IMPACTO

A actuación pública de fomento en xeral pretende promover a realización de actividades de utilidade pública ou interese social. É esta orientación a que ten a colaboración da Deputación, principalmente coas entidades locais da súa provincia, e tamén con outras entidades, tanto públicas como privadas. Ademais, esta tarefa de colaboración acompáñase de actuacións dirixidas a impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil e da cidadanía da provincia nos distintos ámbitos de xestión provincial de interese concorrente, e tamén favorecer mediante programas de axudas, a inclusión social de aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

A Deputación tenta desenvolver, canalizar e apoiar todo un conxunto de actividades, reflectidas neste PES/DAC, que permitan incrementar o tecido institucional, social e económico na provincia da Coruña. Desta maneira, para cada obxectivo estratéxico definido, o PES/DAC establece os efectos esperados sobre a realidade provincial na que se pretende incidir a través da actividade de fomento da deputación, así como os indicadores específicos que contribuirán a medir o seu impacto.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		EFFECTOS ESPERADOS	IMPACTO
1º	Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia e promover a actuación supramunicipal	- Maior número de instalacións e espazos públicos para a cidadanía. - Mellores infraestruturas que favorezan a mobilidade - Mellores servizos públicos que contribúan á fixación da poboación no territorio provincial - Incremento das actuacións supramunicipais	- Nº de obras realizadas - Nº de actuacións subvencionadas para a mellora de equipamentos - Nº de actuacións subvencionadas para a mellora de servizos - Nº de actuacións supramunicipais

2º	Asegurar no ámbito territorial da provincia a prestación integral dos servizos sociais e garantir o benestar social da poboación, en especial dos colectivos máis desfavorecidos	- Incremento da calidade de vida das persoas en situación ou risco de exclusión e/ ou dependencia da provincia e maior sensibilización da sociedade sobre a situación deste colectivo - Consolidación efectiva de valores de igualdade que xeren comportamentos máis responsables e equitativos no ámbito doméstico e no coidado a persoas	- Nº de actuacións/programas/proxectos subvencionados para a atención a persoas - Nº de actuacións/programas/proxectos subvencionados en prol da igualdade de oportunidades e a redución da violencia de xénero
3º	Impulsar o desenvolvemento económico e social da provincia coa implementación de políticas públicas que contribúan a xerar riqueza no territorio e a frear o despoboamento	- Incremento do tecido empresarial provincial - Maior coñecemento da provincia como referente para a actividade económica e o desenvolvemento de proxectos empresariais - Melloras no tecido asociativo da provincia - Incremento das axudas á contratación - Maior apoio e promoción do comercio e as pequenas e medianas empresas	- Nº de entidades ou agrupacións beneficiarias - Nº de empresas subvencionadas - Nº de contratacións realizadas - Nº de accións de difusión realizadas
4º	Apoiar a creación e o fomento do emprego no ámbito provincial	- Máis accións de fomento do emprendemento e o espírito emprendedor - Maior apoio ás ideas emprendedoras e á súa consolidación - Máis accións de inserción laboral de persoas en situación de desemprego - Incremento da contratación de persoas desempregadas	- Nº de insercións laborais - Nº de prácticas profesionais non laborais en entidades e empresas da provincia - Nº de accións/ formación de difusión da cultura emprendedora realizados - Nº de accións formativas dirixidas a persoas en situación de desemprego
5º	Impulsar e apoiar accións de protección e coidado do medio ambiente, a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e o crecemento sustentable	- Maior sensibilización cidadá polo mantemento, coidado e fomento dos espazos verdes - Maior compromiso coa biodiversidade e a loita contra o cambio climático - Maior percepción de benestar na provincia ligado á mellora ambiental. - Máis concellos con capacidade técnica en medio ambiente - Incremento de programas ambientais nos concellos - Mellora do benestar animal e incremento da concienciación cidadá	- Nº de actuacións de medioambiente subvencionadas - Nº de inversións de medioambiente subvencionadas - Nº de concellos que reciben subvención para a contratación de persoal técnico de medio ambiente - Nº de entidades medioambientais apoiadas

6º	Promover o turismo local e provincial	- Maior recoñecemento da provincia como referente para o turismo - Promoción e difusión dos valores naturais, culturais e paisaxísticos - Máis produtos turísticos existentes na provincia - Maior oferta turística na provincia - Maior profesionalización do sector turístico provincial	- Nº de concellos que reciben subvención para a contratación de persoal técnico de turismo - Nº de eventos/feiras promocionais realizados por parte da entidade provincial - Nº de eventos/feiras de promoción da provincia ás que asiste a entidade provincial. - Nº de actividades de promoción turística e de produtos turísticos subvencionadas - Nº de entidades do sector que reciben subvención para a realización de actividades
7º	Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial	- Maior oferta e consolidación de espectáculos de teatro, danza e música de calidade - Mellor percepción da provincia e dos concellos que a conforman, como referencia de cultura e ocio. - Maior número de poboación que participa en actividades culturais - Dinamización da creación cultural en todas as súas vertentes	- Nº de eventos realizados - Nº de asistentes aos eventos - Nº artistas/grupos de artistas ou proxectos beneficiarios
Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais
Código identificativo	FOAXE-P / 2020
Área	Servizos sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos sociais
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	800.000,00 € (este crédito inicial ten carácter ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/23121/481
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	Financiamento do mantemento de programas e servizos nas seguintes áreas: - Programas na área de familia, infancia e mocidade - EF-1 Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social - Programas na área de diversidade funcional - ED-1 Transporte adaptado. - ED-2 Eliminación de barreiras - ED-4 Tratamentos de rehabilitación - ED-5 Respiro familiar

	- ED-6 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado. - ED-7 Programas de acción tutelar - Programas na área de drogodependencias e outros trastornos aditivos - EOT-1 Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social. - EOT-2 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias. - EOT-3 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado. - Programas na área de minorías étnicas e inmigración - EOM-1 Programas de formación prelaboral para o emprego. - EOM-2 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado. - EOM-3 Programas de apoio á integración social. - Programas na área de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social, laboral, etc (persoas sen teito, exreclusas e outras) - EOR-1 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.
Beneficiarios	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios
Código identificativo	FOCVAA / 2020
Área	Servizos sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos sociais
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	500.000,00 €
Aplicación orzamentaria	0611/23121/481
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	-Programas de proxección comunitaria, de carácter preventivo, informativo-divulgativo e/ou formativos dirixidos tanto a aqueles colectivos de persoas cunha enfermidade como aos seus familiares, e/ou á poboación en xeral: - PC-1 Charlas, foros, publicacións e campañas de sensibilización - PC-2 Programas formativos, xornadas técnicas, seminarios, congresos ou cursos -Programas de apoio persoal dirixidos a colectivos de persoas cunha enfermidade e aos seus familiares para tratar as enfermidades e as súas consecuencias:

	- AP-1 Terapias de rehabilitación - AP-2 Apoio psicológico - AP-3 Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais
Código identificativo	FOIE / 2020
Área	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos sociais
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	700.000,00 € (este crédito inicial ten carácter ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/23121/781
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiación	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	Financiamento de inversións nas seguintes áreas: -Área de familia, infancia e mocidade - EF-1 Centros de menores - EF-2 Centros de atención á infancia - EF-3 Ludotecas - EF-4 Puntos de encontro - EF-5 Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social -Área de persoas maiores - EP-1 Residencias - EP-2 Fogares residenciais

	EP-3 Centros de atención diúrna e/ou nocturna EP-4 Centros mixtos EP-5 Vivendas comunitarias EP-6 Apartamentos tutelados -Área de diversidade funcional ED-1 Eliminación de barreiras ED-2 Centros residenciais ED-3 Centros de día ED-4 Centros ocupacionais ED-5 Centros de rehabilitación psicosocial e laboral ED-6 Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro) ED 7 Vivendas tuteladas ED-8 Tratamentos de rehabilitación ED-9 Respiro familiar. ED-10 Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro) ED-11 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado. ED-12 Programas de acción tutelar -Área de drogodependencias e outros trastornos aditivos EOT-1 Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social. EOT-2 Unidades de día EOT-3 Unidades asistenciais EOT-4 Comunidades terapéuticas EOT-5 Vivendas de apoio EOT-6 Centros especializados en tratamento do alcoholismo EOT-7 Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias.. -Área de minorías étnicas e inmigración EOM-1 Programas de formación prelaboral para o emprego. EOM-2 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado EOM-3 Programas de apoio á integración social. -Área de persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social, laboral, etc. (persoas sen teito, exreclusas e outras) EOR-1 Banco de alimentos EOR-2 Albergues EOR-3 Centros de acollida e inclusión EOR-4 Comedores sociais EOR-5 Centros de atención social continuada EOR-6 Centros de día de inclusión social
--	--

	EOR-7 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.
Beneficiarios	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación

Liña de fomento provincial	Convocatoria do programa de adquisición e cesión de vehículos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a mellora dos servizos e programas en materia de servizos sociais e sociosanitarios
Código identificativo	FOIEV / 2020
Área	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos sociais
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	10.000,00 € (este crédito inicial ten carácter ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/23121/629401
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiación	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	Posibilitar ás entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña a prestación de diferentes servizos en materia de servizos sociais e/ou sociosanitarios a través da adquisición por parte da Deputación de diferentes vehículos e a súa posterior cesión a ditas entidades. O uso do vehículo será complementario aos servizos prestados nun centro ou programa propios da entidade que deberán ter un carácter estable e estar iniciados con anterioridade ao correspondente exercicio.
Beneficiarios	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Nº de entidades beneficiarias Nº de adquisicións realizadas Importe medio da adquisición

FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de fomento provincial	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o mantemento de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero
Código identificativo	FOIO0A / 2020
Área	Servizos sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	300.000,00 € (este crédito inicial ten carácter ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/23122/481
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	- Programas de PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: EI-1 Empoderamento e participación social EI-2 Fomento da igualdade de xénero EI-3 Fomento do emprego en igualdade de oportunidades EI-4 Conciliación e responsabilidades compartidas - Programas de LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: EV-1 Prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero EV-2 Tratamento integral das persoas en situación de violencia de

	xénero
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación



Liña de fomento provincial	Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais
Código identificativo	FOPPSS / 2020
Área	Servizos sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos sociais
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	6.921.085,40 € (crédito inicial ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/23121/46201
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais comunitarios
Obxectivo específico	O obxecto do programa é a asistencia económica ás entidades locais na execución das súas competencias en materia de servizos sociais

	comunitarios dando preferencia aos servizos mínimos que son os servizos comunitarios básicos establecidos na Lei 13/2008 do 3 de setembro. A Deputación financiará os profesionais dos servizos sociais comunitarios distintos do perfil profesional do/a traballador/a social, conforme aos módulos recollidos na convocatoria, nos que se encadra o persoal correspondente: • Persoal administrativo grupo C1 ou C2, • Persoal técnico A2, • Persoal técnico A1, e • Persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrência (SAF libre concorrência).
Beneficiarios	Concellos con menos de 20.000 hb.
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Tempo medio de xustificación

Liña de fomento provincial	Subvención a concellos para contratación de axentes de igualdade
Código identificativo	FOAI / 2020
Área	Servizos sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
Prazo de xestión	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	1.000,00 € (este crédito inicial ten carácter ampliable)
Aplicación orzamentaria	0611/231.22/462.01
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Servizos sociais
Obxectivo xeral	Crear as condicións básicas para o desenvolvemento e coordinación de políticas de igualdade locais e de loita contra a violencia de xénero
Obxectivo específico	Desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero Dotación de persoal técnico para a dinamización e o desenvolvemento de políticas de igualdade nos concellos , aplicando unha perspectiva comarcal e tendo en conta a diversidade do territorio.
Beneficiarios	Concellos con menos de 20.000 hb
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiadas Nº de contratos formalizados

Liña de fomento provincial	Concurso de guións contra a violencia de xénero
Código identificativo	PREM - CG
Área	Servizos Sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
Prazo de execución	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	10.000, 00 €: Produción do guión gañador: 6.000,00 € Premio metálico para o centro: 4.000,00 € (Honorarios do xurado: 2.400,00 €)
Aplicación orzamentaria	0611/23122/22699
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Alcanzar a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade
Obxectivo específico	O obxecto do certame é elaborar un guión de curtametraxe a través do cal se xere reflexión, conciencia, sensibilización e prevención da violencia de xénero. Preténdese que a través da elaboración do guión a poboación adolescente cree debate, mobilización, fomento a súa creatividade mentres reflexionan sobre a importancia de combater e denunciar a violencia de xénero e, así mesmo, a través do guión expoñan os motivos polos que se deben xuntar esforzos para combater esta lacra social. O premio concederáse ao mellor guión onde se combinen aptitudes

Destinatarios/as	artísticas e creativas do alumnado na creación dun guión creativo, con impacto social e potencialidade audiovisual, orixinal e non publicado que en tan só uns minutos pretenda concienciar a poboación, en xeral, dos motivos polos que debemos xuntar os nosos esforzos para combater a violencia de xénero e erradicar esta lacra social.
	Persoas físicas con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, que cursen educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional ou outro tipo de formación análoga, de calquera nacionalidade
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas

Liña de fomento provincial	XI Edición do concurso de viñetas. Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das mulleres traballadoras
Código identificativo	PREM – AS03
Área	Servizos Sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
Prazo de execución	2020
Programación plurianual	Non
Custe previsible	Premio: 6.000,00 € (Honorarios do xurado: 800,00 €)
Aplicación orzamentaria	0611/23122/22699
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Xerar reflexión e conciencia na mocidade e ademáis de fomentar a súa participación nunha actividade creativa
Obxectivo específico	O obxecto do certame é empregar a viñeta, ou tira de viñetas (como máximo 6 viñetas) para reflexionar, concienciar e mudar mentalidades da cidadanía en xeral e da poboación adolescente en particular, xa que representan o cambio e o futuro, sobre as mulleres na historia de Galicia co obxecto de visibilizar o empoderamento das mulleres como presenza fundamental no desenvolvemento da sociedade galega
Destinatarios/as	Persoas físicas, con idades comprendidas entre 12 e 18 anos, de calquera nacionalidade, que se presenten individualmente ou en grupo
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas

Liña de fomento provincial	Premio Concepción Arenal: proxectos educativos pola igualdade de xénero
Código identificativo	PREM - CA
Área	Servizos Sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero
Prazo de execución	2020-2021
Programación plurianual	Non
Custe previsible	Premio: 15.000,00 € (Honorarios xurado: 1.600,00 €)
Aplicación orzamentaria	0611/23122/22699
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Promover políticas de igualdade e prevención da violencia de xénero na poboación infantil e adolescente
Obxectivo específico	Deseñar e executar proxectos educativos que procuren o desenvolvemento de habilidades para identificar e/ou rexeitar estereotipos sexistas que contribúen a xerar e manter a violencia de xénero, así como a construción de esquemas alternativos que axuden a comprender e respectar a igualdade de oportunidades real entre sexos. O premio concederáse ao mellor programa educativo en cada unha das tres modalidades que xa se implantase e se pretenda continuar, ou ben que estea pendente da súa execución. Premiarase o programa de actividades do centro no que se traballe a prol da consecución da igualdade entre homes e mulleres, así como a

Destinatarios	sensibilización, prevención de comportamentos de risco e intervención en materia de violencia de xénero incorporando de forma transversal a educación en valores como a solidariedade, tolerancia, respecto, xustiza, igualdade, etc, a promoción da empatía e autoexpresión emocional e o fomento da participación da familia, da escola e da comunidade
	Centros educativos públicos da provincia que impartan educación infantil, primaria, ou as dúas, educación especial e educación secundaria
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas

Liña de fomento provincial	Premio “Luísa Villalta” de proxectos culturais pola igualdade
Código identificativo	PREM – AS04
Área	Servizos Sociais
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Políticas de igualdade
Prazo de execución	2020
Programación plurianual	Non
Custe previsible	Premio: 100.000,00 € (ata dez premios, por un importe máximo de 20.000 € cada un). Honorarios do xurado: 2.400,00 €.
Aplicación orzamentaria	0611/23122/226.99
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases reguladoras da convocatoria
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Promover políticas de igualdade
Obxectivo específico	Comprometerse co desenvolvemento de políticas e iniciativas que contribúan ao avance social na igualdade de xénero, verdadeira necesidade -e ao tempo, motor de transformacións- cara a consecución dunha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática. Fomento da cultura en igualdade mediante a realización de proxectos que poñan en valor o papel cultural, histórico e social das mulleres e/ou contribúen de forma relevante ao avance no asentamento social da aposta pola igualdade de xénero. Os proxectos procurarán unha filosofía integradora, participativa e de visibilización social das mulleres no campo social e cultural. Poderán presentarse ao concurso proxectos orixinais e inéditos, que

Destinatarios	se desenvolvan parcial ou totalmente ao longo de 2020 e que non estean finalizados no momento da publicación destas bases. Os proxectos poden orixinarse a partir dalgún dos diferentes campos artísticos: son (música...), palabra (literatura, investigación...), escena (teatro, danza...), artes plásticas, imaxe (audiovisual, fotografía, curtametraxe, documental...) ou outros entornos creativos (arte urbana, arte dixital...).
	Persoas físicas ou xurídicas con sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e que estean legalmente constituídos no momento de facer a solicitude como profesionais inscritas/os no Réxime Especial de traballadora/es autónoma/os, entidades de economía social e/ou empresas
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas presentadas



Deputación
DA CORUÑA



**PLAN ESTRATÉGICO
PROVINCIAL DE
SUBVENCIONES**

2020 / 2022

ANEXO 2

**EXTRACTOS DA NORMATIVA DE
SUBVENCIONES CON RELACIÓN AOS PLANS
ESTRATÉGICOS DE SUBVENCIONES**

- I. Os plans estratéxicos de subvencións e a súa natureza
- II. Contido dos plans estratéxicos de subvencións
- III. Aprobación do plan estratéxico de subvencións
- IV. Publicidade do plan estratéxico de subvencións
- V. Control e avaliación do plan estratéxico de subvencións
- VI. A normativa galega
- VII. A normativa provincial

I. Os plans estratéxicos de subvencións e a súa natureza

En relación coa preparación dos plans estratéxicos para subvencións, o Preámbulo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicada no BOE nº 276, de 18 de novembro de 2003 (LXS), tamén aplicable ás entidades locais, indica:

“Un dos principios que vai rexer a nova Lei Xeral de Subvencións, que como xa se sinalou están inspirados nos da Lei de Estabilidade Orzamentaria, é o da transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a Lei establece a obrigação de formar unha base de datos de ámbito nacional que conterá información relevante sobre todas as subvencións concedidas.”

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional. Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a Lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Como elemento esencial de peche deste proceso, a Lei establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de

consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, eliminadas.

Neste Preámbulo alúdese aos principios xerais recollidos na Lei 18/2001, de Estabilidade Orzamentaria. Ao de transparencia habería que engadir o propio de estabilidade orzamentaria, definido como equilibrio ou superávit orzamentario, o de plurianualidade, e o de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos.

Consecuentemente co indicado no seu Preámbulo, o devandito artigo 8 da LXS establece, encadrado como principio xeral, a obrigatoriedade para as entidades públicas que concedan achegas, de dispoñer dun plan estratéxico de subvencións:

“1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”

A concisa referencia ao contido do plan estratéxico relaciónase, así mesmo, co artigo seguinte, artigo 9, onde se detallan os requisitos que deben cumprirse para o outorgamento de axudas:

“1. Naqueles casos nos que, de acordo cos artigos 87 a 89 do Tratado Constitutivo da Unión Europea, deban comunicarse os proxectos para o establecemento, a concesión ou a modificación dunha subvención, as Administracións públicas ou calquera entes deberán comunicar á Comisión da Unión Europea os oportunos proxectos de acordo co artigo 10 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (Art. 155.3 Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público) e nos termos que se establezan regulamentariamente, ao obxecto que se declare a compatibilidade das mesmas. Nestes casos, non se poderá facer efectiva unha subvención en tanto non sexa considerada compatible co mercado común.

2. Con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei.

3. As bases reguladoras de cada tipo de subvención publicaranse no «Boletín Oficial do Estado» ou no diario oficial correspondente.

4. Adicionalmente, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) *A competencia do órgano administrativo concedente.*
- b) *A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender as obrigacións de contido económico que se derivan da concesión da subvención.*
- c) *A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.*
- d) *A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico, nos termos previstos nas Leis.*
- e) *A aprobación do gasto polo órgano competente para iso.”*

A disposición adicional decimoséptima da LXS refírese ao control e avaliación de obxectivos derivados da aplicación dos plans estratéxicos a que se fai referencia no artigo 8, indicando que aquel será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e sen prexuízo das competencias que atribúe a Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado (Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) aos departamentos ministeriais, organismos e demais entes públicos.

Na Exposición de Motivos da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, publicada no BOP nº 72 do 15/04/2019, indícase que:

“Para levar a cabo a súa acción de fomento, a Deputación aproba anualmente o seu orzamento dotando os créditos necesarios nos capítulos IV e VII do estado de gastos, no marco e con pleno respecto aos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, co obxectivo de que esta parte tan significativa do gasto público aprobado polo Pleno da Corporación teña un efecto multiplicador na economía provincial e xere riqueza no conxunto do territorio. Para este fin, a posterior execución destes créditos debe administrarse co maior rigor xurídico e procurando a máxima eficiencia económica. (...)

Pero o respecto ao marco competencial invocado e demais lexislación aplicábel non abonda para conseguir a consecución dos obxectivos ao menor custo, isto é, a consecución da eficiencia económica. Para o cumprimento deste segundo principio ou límite da xestión, devén conveniente e mesmo necesaria a aprobación dun plan estratéxico, no que previamente estean definidos os obxectivos que se pretenden conseguir;(....)”

A natureza do PES é a de instrumento de xestión de carácter programático que carece de rango normativo (artículo 12.3 do Regulamento da LXS). Por tanto, os seus efectos despréganse no ámbito interno da Deputación Provincial sen incidencia directa na esfera dos particulares, non creando, deste xeito, dereitos nin obrigacións para estes, e a súa efectividade quedará condicionada á aprobación das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, ás dispoñibilidades

orxamentarias de cada exercicio, neste caso no 2020.

II. Contido dos plans estratéxicos de subvencións

A ausencia de detalle da LXS en relación co plan estratéxico de subvencións, se palia coa aprobación do seu regulamento. Así, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da LXS, dedícase a *sección 1ª do capítulo III do título preliminar* aos plans estratéxicos de subvencións. Estes concíbense como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orxamentaria aos rendementos e obxectivos alcanzados en cada política pública xestionada a través de subvencións. En cambio, e co fin de non introducir rixideces innecesarias no proceso de planificación estratéxica, admítase no Regulamento a posibilidade de reducir o contido do plan para determinadas subvencións.

Por outra banda, deixa claro o Regulamento da LXS que os plans estratéxicos teñen mero carácter programático, constituíndose, en esencia, nun instrumento fundamental para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas. En definitiva, o Regulamento aborda a regulación dos plans estratéxicos de subvencións con rigor pero coa suficiente flexibilidade como para que os órganos das Administracións públicas asuman o valor que, en termos de eficacia, eficiencia e transparencia, supón a súa adecuada aprobación e seguimento.

En definitiva, a normativa do Regulamento da LXS dedicada aos plans estratéxicos é a seguinte:

“CAPÍTULO III. Disposicións Comúns a Subvencións.

SECCIÓN 1ª. Plans estratéxicos de subvencións.

Artigo 10. Principios directores.

1. Os plans estratéxicos de subvencións a que se fai referencia no artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, configúranse como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. A Administración Xeral do Estado promoverá, a través das correspondentes Conferencias Sectoriais, que as medidas contidas nos plans coordinense coas políticas das demais Administracións Públicas, debendo gardar a coherencia necesaria para garantir a máxima efectividade da acción pública que se desenvolva a través de subvencións.

3. Os plans estratéxicos de subvencións deberán ser coherentes cos programas plurianuais ministeriais na Administración do Estado previstos no artigo 29 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orxamentaria e deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en

orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determínense para cada exercicio.

Artigo 11. Ámbito dos plans estratéxicos

1. Aprobarase un plan estratéxico para cada Ministerio, que abarcará as subvencións tanto dos seus órganos como dos organismos e demais entes públicos a el vinculados.

2. No entanto, poderanse aprobar plans estratéxicos especiais, de ámbito inferior ao ministerial, cando a súa importancia xustifique o seu desenvolvemento particularizado, ou plans estratéxicos conxuntos, cando na súa xestión participen varios Ministerios ou Organismos de distinto ámbito ministerial.

3. De acordo co establecido na Disposición Adicional Décimo terceira da Lei Xeral de Subvencións, os plans e programas sectoriais terán a consideración de plans estratéxicos de subvencións sempre que recollan o contido a que se fai referencia no artigo seguinte.

4. Os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Artigo 12. Contido do plan estratéxico.

1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

1º Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.

2º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3º Prazo necesario para a súa consecución.

4º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5º Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras

da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Para estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2. O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:

a) As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.

b) As subvencións que, de maneira motivada, determinénse por parte do titular do Departamento ministerial, en atención á súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.

3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.”

Da normativa reflectida anteriormente dedúcese que para a Deputación provincial da Coruña o PES-DAC deberá conter referencias aos obxectivos estratéxicos, en correspondencia cos programas orzamentarios propostos ou aprobados, e ás liñas de subvención previstas. Nestas deberá, á súa vez, especificarse competencia afectada, sectores aos que se dirixe, prazo de realización, previsión financeira e plan de acción.

III. Aprobación do plan estratéxico de subvencións

O artigo 13.1 do Regulamento da LXS refírese á competencia para a aprobación dos plans estratéxicos de subvencións, indicando expresamente:

“Os plans estratéxicos previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 11 deste Regulamento serán aprobados polo Ministro ou Ministros responsables da súa execución e remitiranse á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e ás Cortes Xerais para o seu coñecemento.”

Por outra parte, haberá que ter en conta que o PES, conforme o dito art. 13.3 do Regulamento da LXS, é un documento que ten *“carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigacións; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio”*.

De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local debería ser o Pleno da Corporación o órgano competente para a aprobación dun plan de carácter provincial. No entanto, deixa claro o Regulamento da LXS que os plans estratéxicos teñen mero carácter programático, constituíndose, en esencia, nun instrumento fundamental para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas. Sendo así, resultará de aplicación o disposto no artigo 34.1.l) da Lei 7/1985 que indica que corresponde en todo caso ao Presidente da Deputación *“o exercicio daquelas atribucións que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asigne á Deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos”*.

No que se refire á normativa provincial, no artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, referido aos “Órganos competentes”, dispónse que:

Compételle ao Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento da Deputación, ben sexa mediante a aprobación dun plan estratéxico plurianual ou a través da aprobación do orzamento anual, no que se doten os créditos necesarios para levar a cabo tal acción nos ámbitos de cooperación coa prestación dos servizos públicos municipais e desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia.

IV. Publicidade do plan estratéxico de subvencións

O PES/DAC, unha vez aprobado, será remitido para o seu coñecemento a todos os responsables da súa execución na Deputación. Ao mesmo tempo, será publicado no Portal de Transparencia da Deputación. Tamén serán obxecto da mesma publicidade o Informe xeral de valoración da xestión deste plan ou as súas posibles modificacións ou actualizacións.

A LXS, á parte da mención xeral ao principio de publicidade na xestión das subvencións realizada no seu artigo 8.3 a), non contén referencias a esta cuestión.

Non entanto, no Regulamento da LXS salvouse a ausencia desta referencia normativa, coa a modificación introducida pola Disposición Final 1ª do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, ao engadir un novo parágrafo, o 2º, no seu artigo 13, no que se indica:

“Os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deberán publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas. A Intervención Xeral da Administración do Estado deberá ditar as Instrucións oportunas para a posta en marcha de dita publicación.”

Con todo, tamén podería considerarse sobre esta cuestión o mencionado na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE nº 295 de 10/12/2013) que no seu Capítulo II, Publicidade activa, recolle as seguintes mencións:

Artigo 5 Principios xerais

1. Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública. (...)

3. Serán de aplicación, no seu caso, os límites ao dereito de acceso á información pública previstos no artigo 14 e, especialmente, o derivado da protección de datos de carácter persoal, regulado no artigo 15. A este respecto, cando a información contivese datos especialmente protexidos, a publicidade só levará a cabo previa disociación dos mesmos.

4. A información suxeita ás obrigacións de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web e dunha maneira clara, estruturada e entendible para os interesados e, preferiblemente, en formatos reutilizables. Estableceranse os mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a

interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización. (....)

5. Toda a información será comprensible, de acceso fácil e gratuíto e estará ao dispor das persoas con discapacidade nunha modalidade fornecida por medios ou en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme ao principio de accesibilidade universal e deseño para todos.

Artigo 6.2 Información institucional, organizativa e de planificación
As Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.

Artigo 10 Portal da Transparencia

1. A Administración Xeral do Estado desenvolverá un Portal da Transparencia, dependente do Ministerio da Presidencia, que facilitará o acceso dos cidadáns a toda a información á que se refiren os artigos anteriores relativa ao seu ámbito de actuación.

2. O Portal da Transparencia incluírá, nos termos que se establezan regulamentariamente, a información da Administración Xeral do Estado, cuxo acceso se solicite con maior frecuencia.

3. A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas e das Cidades de Ceuta e Melilla e as entidades que integran a Administración Local poderán adoptar outras medidas complementarias e de colaboración para o cumprimento das obrigacións de transparencia recollidas neste capítulo.

V. Control e avaliación do plan estratéxico de subvencións

En xeral, a técnica da avaliación implica unha valoración das intervencións de acordo cos seus resultados, impactos e necesidades que teñen por obxecto satisfacer. É, por tanto, unha ferramenta sistemática que proporciona unha base real para a toma de decisións, e contribúe a que as actividades da institución pública poidan ser máis eficaces, prácticas e coherentes coa súa contorna física e temporal.

A LXS establece un sistema de seguimento do proceso de aplicación das subvencións, a través do control e avaliación de resultados. O adecuado seguimento das actividades programadas, permite coñecer que liñas de subvención alcanzan o nivel mínimo estimado, e aquelas que non responderon ás previsións iniciais. En terminoloxía do Regulamento da LXS detectar as liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución de obxectivos desexado, ou o que resulta adecuado ao nivel de recursos investidos, e, no seu caso, modificalas ou substituílas.

Na LXS, á parte da xa dita mención do artigo 8, a Disposición Adicional Decimoséptima, Control e

avaliación de obxectivos, establece que:

“O control e avaliación de resultados derivados da aplicación dos plans estratéxicos a que se fai referencia no artigo 8 desta Lei será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, e sen prexuízo das competencias que atribúe a Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, aos departamentos ministeriais, organismos e demais entes públicos.”

Pola súa banda, no artigo 12.1. c) e d) do Regulamento da LXS establece:

“c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. Para estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.”

Especial atención dedica o artigo 14 do Regulamento ao seguimento e avaliación dos plans estratéxicos aprobados, expresándose nos seguintes termos:

“Art. 14. Seguimento de plans estratéxicos de subvencións.

1. Anualmente realizarase a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible.

2. Cada Departamento ministerial emitirá antes do 30 de abril de cada ano un informe sobre o grao de avance da aplicación do plan, os seus efectos e as repercusións orzamentarias e financeiras que se deriven da súa aplicación.

3. O informe, xunto co plan actualizado, serán remitidos á Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e comunicados por cada Departamento ministerial ás Cortes Xerais.

4. A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará o control financeiro dos plans estratéxicos de acordo co disposto na disposición adicional decimoséptima da Lei Xeral de Subvencións. Ademais, e con carácter anual, o Ministro de Economía e Facenda, a través da Orde Ministerial de elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado, seleccionará os plans estratéxicos que deben ser obxecto dun seguimento especial pola Intervención Xeral da Administración do Estado.”

O artigo 15 do Regulamento alude aos efectos do incumprimento do plan estratéxico de subvencións establecendo que:

“Art. 15. Efectos do incumprimento do plan estratéxico de subvencións.

Si como resultado dos informes de seguimento emitidos polos Ministerios e dos informes emitidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado, existen liñas de subvencións que non alcanzan o nivel de consecución de obxectivos desexado, ou o que resulta adecuado ao nivel de recursos invertidos, poderán ser modificadas ou substituídas por outras”

Ademais, farase referencia ao seguimento e avaliación das liñas de subvención previstas. Este contido coincide tamén coa formulación efectuada polo Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda o artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de

mulleres e homes, sobre as subvencións públicas indica que:

“As Administracións públicas, nos plans estratéxicos de subvencións que adopten no exercicio das súas competencias, determinarán os ámbitos en que, por razón da existencia dunha situación de desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as bases reguladoras das correspondentes subvencións poidan incluír a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes.

Para estes efectos poderán valorarse, entre outras, as medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de responsabilidade social da empresa, ou a obtención do distintivo empresarial en materia de igualdade regulado no Capítulo IV do Título IV da presente Lei.”

Tampouco debería obviarse o disposto no artigo 6.2 da xa mencionada Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que sobre información institucional, organizativa e de planificación dispón:

“As Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.”

VI. **A normativa galega**

Na normativa galega debe mencionarse a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25/06/2007), cuxo artigo 5.1 indica:

“Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.

Complementariamente, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, 29.01.2009), que no seu Preámbulo refírese aos plans estratéxicos de subvencións “como figura mediante a que se plasman as grandes liñas de actuación da Administración en materia subvencional”. Xa no seu texto normativo, este Regulamento dedica aos Plans Estratéxicos os artigos 6 e 7, encadrados no Capítulo II (Plans estratéxicos) do Título Preliminar (Disposicións xerais):

Artigo 6º.- Plans estratéxicos de subvencións.

1. Cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das

subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

2. Os plans estratéxicos teñen carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin deberes. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións e ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

3. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e no presente regulamento, tramítase unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, deberase incluír no expediente unha memoria na que se detallen a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta.

Artigo 7º.- Contido dos plans estratéxicos de subvencións.

Os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela.

Os plans incluirán como mínimo:

a) Os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir coas liñas de subvencións. Estes obxectivos farán referencia tanto ás grandes liñas como ás actuacións intermedias e adaptaranse á estrutura que marque a normativa reguladora da elaboración dos orzamentos xerais.

b) O prazo necesario para a súa consecución.

c) O financiamento necesario con indicación, no seu caso, das achegas das distintas administracións públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento.

d) Os indicadores que permitan realizar un seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos, e as actuacións de seguimento que se vaian a realizar e que deberán ter en conta, en todo caso, os indicadores e obxectivos relativos ao impacto de xénero.

Aínda que o apartado 3º do artigo 1º do Regulamento da Lei 9/2007 dispón que “non serán aplicables as disposicións deste regulamento ás entidades locais de Galicia e aos organismos e ás entidades vinculadas ou dependentes delas”, o contido dos ditos artigos 6 e 7 deben de sopesarse á hora de elaborar un plan estratéxico de subvencións.

Debe considerarse, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 (do 27 de decembro, de

racionalización e sustentabilidade da Administración local), completando o mencionado no artigo 3.6 da mesma Lei, que con carácter previo á aprobación do plan estratéxico na Deputación, este documento deberá remitirse para informe da consellaría competente en materia de administración local da Xunta de Galicia:

“Artigo 3. Competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación (....)

6. En particular, nos supostos de exercicio da actividade de fomento polas entidades locais mediante o establecemento de subvencións, os informes previos previstos neste artigo deberán emitirse con carácter previo ao establecemento das subvencións, sobre o plan estratéxico regulado no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que as entidades locais deberán concretar os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento.”

“Artigo 6. Solicitud dos informes competencia da Administración autonómica (....)

2. O órgano competente da entidade local deberá solicitar os informes con carácter previo á implantación do servizo, á modificación dos servizos xa establecidos para a realización de novas actividades prestacionais ou á aprobación do plan estratéxico de subvencións.”

Por último, a Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 30, do 15/02/2016), aínda que non contén referencias concretas aos PES, no seu artigo 7, Obrigacións específicas de información institucional, organizativa e de planificación, indica que “Ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1 tamén publicarán:

g) Os plans de actuación e contratos de xestión das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) O plan estratéxico ou de goberno.

E no seu artigo 17.1, Información específica sobre subvencións, indica que

Ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, os suxeitos citados no artigo 3.1.a), b) e d) publicarán:

a) O texto íntegro da convocatoria das axudas ou subvencións.

b) As concesións das devanditas axudas ou subvencións.

VII. A normativa provincial

Para a preparación e desenvolvemento do PES/DAC, no que a normativa provincial se refire, deberán considerarse as seguintes disposicións:

- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da deputación da Coruña, publicada no BOP nº 72 do 15/04/2019.
- Bases para a execución do orzamento xeral da deputación provincial da coruña correspondentes a cada exercicio orzamentario.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

1.Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o Plan marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021, un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade, que periodicamente impulsa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural.

Este plan ten como principal obxectivo subvencionar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños rurais, co fin de renovar esta rede viaria que serve de acceso ás explotacións agrícolas dos seus territorios, mellorando considerablemente a deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo. Preténdese con estas melloras dar un impulso ao desenvolvemento e á modernización da agricultura galega.

Segundo detalla a propia Xunta, estes camiños rurais "facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal", xa que "facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado".

Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte aos fondos públicos que dedicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974.836 euros (5,9 millóns cada ano), con cargo aos orzamentos da Agader. Iso son catro millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando presupostou 15.998.687 euros para este mesmo fin máis outros 4 millóns de € menos dende o ano 2016 cando se presupostou case 20 millóns de € (19.998.110€). E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea.

Segundo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, esta ía ser a "lexislatura do rural", unha lexislatura "cun proxecto claro de futuro no que

avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestruturación e a diversificación", o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para potenciar o desenvolvemento do rural.

Estas axudas para camiños rurais son, en moitos casos, o único crédito directo en forma de subvención que reciben os concellos da administración autonómica, polo que aínda é menos comprensible que se aplique unha redución orzamentaria tan drástica.

Os criterios de reparto destes cartos públicos entre os municipios foi consensuada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Partiuse dunha asignación fixa para cada municipio e o resto dos cartos distribúese en función do número de habitantes, da poboación residente, da superficie do seu territorio, da taxa de despoboamento, do envellecemento dos seus habitantes ou da súa agrariedade.

A maiores, tamén queremos resaltar que este ano a Xunta de Galicia cambiou algúns dos requisitos para optar á percepción desta axuda, resultando imprescindible a xustificación da alta de seguro agrario de cando menos, dúas fincas beneficiarias no transcurso do camiño, algo que suporá que, dado o minifundismo existente nesta provincia, lle resulte altamente complicado e existan concellos que non podan optar á solicitude da axuda.

A redución de fondos é homoxénea e afecta a todas as comarcas da provincia. En concreto:

A comarca de A Coruña pasa de 1.217.649€ en 2016 a 717.108€ en 2020/2021, supoñendo 500.541 € menos, un 41.11% menos de inversión,

A comarca de Ferrolterra e Ortegal pasa de 1.355.776€ en 2016 a 780.557€ en 2020/2021 supoñendo 575.219€ menos, un 42% menos de inversión,

A comarca de Santiago pasa de 1.914.274€ en 2016 a 1.133.686€ en 2020/2021 supoñendo 780.588€ menos, un 41% menos de inversión,

A comarca de Bergantiños e Costa da Morte pasa de 1.112.577€ en 2016 a 673.142€ en 2020/2021 supoñendo 439.435€ menos, un 39% menos de inversión,

A comarca de Barbanza pasa de 661.105€ en 2016 a 403.649€ en 2020/2021 supoñendo 257.456€ menos, un 39% menos de inversión.

En resumen, a provincia de A Coruña pasa de 6.261.381€ en 2016 a 3.708.142€ en 2020/2021 o que supón 2.553.239€ menos de axudas directas aos concellos, un 41% menos nesta lexislatura, na lexislatura do rural.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación provincial insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.

Sr. Fernández Piñeiro

Vou dar lectura á exposición de motivos desta moción e aos seus acordos.

(le o texto da moción)

Sr. Ben Otero

Grazas, Sr. Presidente, compañeiros de Corporación.

O primeiro que teño que dicir é que é obvio que esta é unha moción propia deste tempo no que estamos, a trinta e sete días dunhas eleccións, trinta e cinco días de campaña, eu entendo que é normal que presenten iniciativas deste tipo, pero ante isto temos que dicir que a Consellería do Medio Rural segue traballando na mellora das infraestruturas rurais e especificamente dos camiños municipais a través do Plan marco 20-21. A convocatoria deste ano consigna doce millóns de euros para arranxar as vías que dan acceso ás parcelas agrarias, dinamizando así o tecido produtivo e favorecendo a vertebración do territorio. Onde outros ven recortes, a Xunta aposta por unha mellor planificación e distribución das axudas destinadas aos municipios do rural galego. Así, ao analizar o resultado das convocatorias anteriores do Plan marco, comprobouse que quedaban case seis millóns de euros cada ano sen executar polos seguintes motivos, pola falta de xustificación dos concellos, ou porque tiñan problemas para licitar e executar os fondos asignados. Polo tanto, e tratándose de fondos propios, non incorporables por establecelo así a normativa, isto implicaba o risco de perder eses fondos e para axustar o orzamento ás necesidades reais a Consellería decidiu non achegar fondos propios na convocatoria deste exercicio e derivar ese orzamento a outras liñas que precisaban de máis crédito todas elas, vinculadas ao desenvolvemento rural e de interese para a cidadanía e para os concellos, como as concentracións parcelarias e outros instrumentos de reestruturación da propiedade.

Por outra banda, unha das prioridades da Xunta de Galicia é que esta sexa de sector rural, e neste obxectivo ten moito que ver a política de impostos cero no rural, xa consolidada, así como as rebaixas de impostos en zonas pouco poboadas. Pois ben, nestes orzamentos reforzouse esa estratexia para fixar poboación e para que sexa máis doado vivir no rural e vivir do rural. Tamén son moitas as medidas aprobadas nos últimos catro anos, hai catro anos eliminamos os impostos para as transmisións de solo rústico, e son máis de 66.000 os galegos que non pagaron impostos por adquirir un ben rústico, ou ampliar unha explotación agraria. Hai tres anos eliminamos os impostos para mercar unha vivenda habitual en zona pouco poboada, ZPP, aos menores de 36 anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade, cun total de 3.574 beneficiarios xa. Hai dous anos reforzamos esta aposta con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural.

A convocatoria 2020-2021 faise con cargo ao fondo agrícola de desenvolvemento rural, FEADER, para garantir unha repartición equitativa e orientada á recuperación e desenvolvemento rural. As partidas consignadas para cada concello marcáronse en función de criterios consensuados coa FEGAMP, presidida por un compañeiro seu do Partido Socialista, así que á hora de distribuír os fondos do Plan marco, non só se estableceron uns importantes fixos e límites dos máximos e mínimos, senón que se teñen en conta factores relativos á superficie, o peso do agro no municipio, ou envellecemento da poboación. O obxectivo último é que os cartos cheguen as áreas que máis as precisan para seguir dinamizando as aldeas, loitar contra o abandono e fomentar a remuda xeracional no agro.

A pesar da débeda contraída do Estado coa Xunta de Galicia e impagada, que

ascende a 370 millóns de euros, deixando a Xunta nunha situación de emerxencia financeira, e obrigado a adiantar pagos inaprazables, como son as extras dos funcionarios, ou os medicamentos financiados, que son unhas facturas ineludibles de Facenda á hora de proxectar o gasto público, a Xunta deberá sacar a calculadora para facer o axuste fino das contas e tratar de presentar un balance saneado que lle permita volver a optar aos incentivos aos que por lei teñen dereito as administracións que cumpren os parámetros de equilibrio financeiro, déficit, débeda, pago a provedores e teito do gasto.

Non obstante o anterior, este Grupo provincial comprométese, que quede claro que nos comprometemos desde o Grupo, a que no caso de que sexan executados e perfectamente xustificadas polos beneficiarios os doce millóns do Plan, imos instar á Xunta desde o noso Grupo a solicitar o incremento de catro millóns máis para este concepto. Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día de novo. En relación á moción presentada, pola nosa parte, polo noso Grupo, temos que concordar nesa demanda de non reducir a contía que vai destinada a este Plan. Realmente porque hai que destacar que a esencia deste plan, este plan nace para dar resposta a unha necesidade obxectiva por parte dos concellos, certamente de xeito moi específico daqueles máis rurais, nos que a presenza da actividade económica vinculada ao rural, agraria ou gandeira, ten máis intensidade. A realidade é que para sacar adiante esta actividade as explotacións teñen modernizado e realizado grandes esforzos o cal implica que o tipo de maquinarias que veñen utilizando teñen mudado, son moito máis potentes, moito máis amplas e pesadas, o cal require que para garantir a accesibilidade, un mantemento axeitado e a seguridade vial, haxa que facer un investimento moito máis esixente.

É certo tamén que a fortaleza deste plan é que estea baseada neses criterios obxectivos que permite aos concellos planificar e anticipar. A mingua deste plan, efectivamente, como ben se describía, deriva nos fondos noutras actuacións que, desde logo, non responden a esta obxectividade e que, sendo sempre necesarias actuacións que dean respaldo á vida do rural, é certo que os concellos sendo a entidade máis próxima á veciñanza, e sendo o mantemento desta rede vial, por certo, moi extensa, unha esixencia que require dos concellos ese apoio económico, e sendo o único plan que deste xeito achega fondos ao concello, evidentemente, hai que reclamar que se manteña.

É certo tamén que este programa non recolle, pois, vai dirixido fundamentalmente á actividade agraria ou gandeira, e así o recolle, pero hai no rural, que tamén forma parte, é outro sector estratéxico da nosa economía, e que tamén fai un uso intensivo desta rede viaria, e deriva no seu desgaste e require de melloras e non está contemplado, que é a actividade forestal, entendo que debería de ser unha cuestión que se teña en conta, ben para activar un novo plan destas características que contemple criterios obxectivos e unha periodicidade que permita aos concellos planificar e anticipar este asunto e, desde logo, si manter o que é a partida orzamentaria que se viña mantendo dedicada a este plan.

É certo que un pouco analizando a baixada nas contías que corresponden aos concellos, e entendo que moitos deles si teñen planificado, executado e xustificado

estes plans, resulta cando menos rechamante. No meu propio concello, por exemplo, en relación a 2019, a baixada na contía que corresponde nesta anualidade, no período bianual vén supoñendo uns vinte mil euros, que podemos entender que para concellos rurais con tres mil habitantes supón un prexuízo importante e ten toda a lóxica do mundo que se esixa e que se manteña xa na actualidade a contía asociada a este Plan, moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Argumentos de todo tipo, o primeiro deles que é unha moción propia destes tempos, é unha moción de actualidade porque a finais de ano é cando se aproba esa resolución, e a primeiros de ano cando se lle notifica aos concellos, estamos no mes de febreiro, tampouco é que haxa seis meses, nin sete, nin oito, coincidiu así, porque a Xunta, independentemente de que esteamos en época preelectoral, segue a traballar, igual que o resto das administracións, incluídos os concellos, que efectivamente seguiremos traballando no marco de mellora dos camiños rurais pero con menos cartos, porque a Xunta nolos reduce de forma considerable.

Comentaba vostede que había, que é un argumento un pouco falaz, seis millóns de euros que quedaran sen executar, quedan sen executar precisamente por como son as propias bases do Plan e polos tempos que se establecen para esa execución, non creo que haxa ningún concello, nin que me poida poñer ningún agora mesmo sobre a mesa, que renunciara a eses fondos per se, ou porque non lle interesaba gastalos. Se precisamente algo somos os concellos, somos devoradores de fondos, e apañamos todo canto nos dan, e os que non somos do PP cando nos dá a Xunta, aínda máis, porque non acostuma ser algo moi habitual.

Polo tanto, dicir que a xustificación para reducir é que se devolven os fondos, penso que non se axusta en absoluto á realidade, porque saben vostedes cales son as dificultades. Comenta vostede que son recursos propios e que hai que gastalos ano a ano, pois eu poño un exemplo do que se fai nesta Deputación, a maioría dos que estamos aquí que somos alcaldes seguramente teremos subvencións desta Deputación aprobadas hai dous anos, tres, catro, incluso cinco, que están sen executar, e non hai ningún tipo de problema, a Deputación non retira os fondos. Se aplicamos o mesmo criterio do que aplica a Xunta, ese Plan único que vostedes din que debemos de incrementar ano tras ano, e que nosoutros compartimos, aplicando o criterio da Xunta teríamos que reduci-lo en base ao volume de concellos que teñen que executar eses fondos, non creo que fora vostede tan comprensivo se realizamos esa actuación por parte do Goberno da Deputación provincial, como está a ser, xustificando que a Xunta reduza en base a ese argumento, polo tanto, non nos fagamos trampa porque vostede máis eu e os que estamos aquí sentados sabemos perfectamente que iso non é así.

Fala vostede na súa xustificación de rebaixas de impostos, de rebaixas fiscais, moi ben, que é un tema que non estamos a tratar nesta moción, porque non estamos a falar da carga impositiva que poidan ter os veciños que viven no rural, estamos a falar duns fondos que se transfiren aos concellos para reparacións de camiño rural, uns fondos que se ven reducidos neste último período nun 41%. Claro, xustamente hoxe que no punto dezanove da orde do día traemos un informe da Intervención provincial sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2019, onde vén

unha comparativa dos fondos que a Deputación distribuíu aos concellos, vou dar un par de datos: en plans provinciais, no ano 2012, cando gobernaban vostedes esta Deputación dedicaba 38 millóns, no ano 2019, 92 millóns; en subvencións en concorrencia competitiva, dedicaban vostedes no ano 2012, 12 millóns de euros, e no ano 2019, 14.900.000 euros; na rede cultural dedicaban vostedes no ano 2012 640.000 euros, e este Goberno no ano 2019, 1.500.000. Total subvencións ano 2012, gobernando vostedes, 56 millóns, anos 2019, gobernando este Goberno, 114 millóns. E isto por que o digo?, porque imaxino que xa terán vostedes fretados autobuses para ir a manifestarse os alcaldes do PP diante da Consellería porque a Consellería lles rouba, porque lembramos as manifestacións que tivemos diante da porta esta Deputación no ano 2017, 2018, dos alcaldes do PP, cando dicían que a Deputación provincial lles roubaba cartos, cando acabamos de ver un informe, que non é do Goberno, non o facemos os políticos, senón dos técnicos, onde queda claro e de manifesto que iso non é así, que se triplicaron os fondos con respecto á etapa do Goberno do Partido Popular.

E claro, agora que hai unha redución dos fondos AGADER vimos aquí a defendela, dicindo que é porque os concellos resulta que non dan executado, que se os fondos son do FEADER, que se os criterios de reparto se consensuaron coa FEGAMP, pero precisamente se o bo que ten o AGADER son os criterios de reparto, é das poucas liñas de subvención que ten a Xunta de Galicia no que os criterios de reparto son obxectivos, como o son, por certo, nesta Deputación, por número de parroquias, tamaño, presión fiscal, etc., etc, nós aí non entramos, non estamos a criticar o criterio de reparto porque, repito, é obxectivo, é máis, aproveito a ocasión para demandar que o resto de liñas de subvencións que ten a Xunta de Galicia, sobre todo aquelas das que falamos en moitas ocasións por orde de chegada, se lle aplica este mesmo criterio que se consensuou coa FEGAMP para o caso dos fondos do AGADER.

Por tanto, penso que fan vostedes hoxe un papel complexo, complicado, o outro día dicíamos vostede con respecto á defensa de José Luis Rodríguez Zapatero, e hoxe devólvolle eu o guante, porque ten traca vir a defender aquí unha redución de fondos do 41% para os concellos de Galicia.

E isto deixa de manifesto unha vez máis aquilo do que xa falamos en moitos Plenos, que é que, no último Pleno sen ir máis lonxe, aquí veu unha moción para reclamar ao Goberno do Estado do Partido Socialista que devolva o IVE, e os que estamos aquí sentados, que representamos ao Partido Socialista, votámolo a favor, por que?, porque por riba de todo están os intereses dos cidadáns, e os intereses dos nosos veciños. En contraposición están vostedes nesa bancada na que todo o que sexa do Partido Popular, independentemente de que estea ben, independentemente de que estea mal, independentemente de que favoreza ou prexudique, como é neste caso, aos concellos, vótase sempre a favor, todo o que veña da Xunta de Galicia, faga o que faga, é marabilloso. Pois hoxe, unha vez máis, dámoslles unha boa clase de coherencia e de defensa dos intereses dos cidadáns, xa lla dimos no último Pleno e penso que hoxe traemos a guinda, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Grazas, don Bernardo. Eu sempre sabe que con todo o bo talante do mundo agradezo sempre as súas clases mestras neste Pleno da Deputación.

Independentemente, eu hai unha cuestión que quero que quede clara antes de nada, porque non ten moito que ver co que trataba esta moción. A Deputación presidida polo Sr. Calvo tiña unha débeda herdada de 95 millóns de euros, e o Sr. Formoso ten 300 millóns de euros en caixa, que é bo que dalgunha maneira vaíamos sacando o diñeiro de onde ten que estar, supoño que isto non será un fondo de investimento ou algo así, é para dar servizos aos cidadáns, e é dificilmente explicable que haxa 300 millóns en caixa coas necesidades que temos na nosa provincia, dito o cal, e seguindo a orde que tiña pensado establecer, eu agradezo ao BNG que se sume e valore e poña en valor a política forestal na provincia da Coruña, porque controvertida foi a súa postura ao longo dos anos respecto á política forestal. Supoño que vostede, pola súa orixe enténdeo perfectamente, e creo que debería traballar un pouco en ser didáctica cos seus compañeiros doutras zonas, especialmente as zonas menos rurais, para explicar que o rural galego e en especial o forestal galego, sosteña moitas familias e é un apoio moi importante, e niso concordamos con vostede, na importancia para o rural.

Respecto ao nivel de execución, a min gustaríame que lle pregunte ao Sr. Pequeño, que ten sentado ao seu lado, xa que estamos tocando varios paus, cal foi o nivel de execución do seu departamento no ano 2018, e no ano 2017, xa non digo o 2019 porque se consolida o orzamento hoxe, igual non ten o dato, pero si terá o dato o 2018 e o 2017. Vostede di algo "Hai cousas aprobadas hai tres, catro anos...", e moitos máis, aquí aprobamos cousas neste Pleno, quedan aprobadas, facemos un titular, sacamos unha noticia, e ata logo Lucas, se te vin non me acordo. Nosoutros entendemos a política doutro xeito. En consecuencia, ánimoos a que traballen á hora de axilizar e que realmente os fondos cheguen a onde teñen que chegar, que é aos veciños.

De todos maneiras, volvendo aos temas de antes, evidentemente o bo é que estas vías que se recollen nestas axudas son para garantir que se cheguen a parcelas agrarias, isto é importante, entendemos que é así, en anos anteriores quedaron partidas moi importantes sen executar, o cal nos preocupaba, e levou a facer este cambio nesta política. Os criterios consignados para estas axudas, ou para estes camiños, desde logo foi acordado coa FEGAMP, é un acordo subscrito coa FEGAMP, gobernado por un compañeiro seu de Partido, reitero, e que recorden tamén, o domingo pasado terían ocasión, supoño que o terán feito con intensidade e con interese, de recordarlle ao Sr. Sánchez que nos debe a vostede, a min e a todos os galegos, 370 millóns de euros, e de que é hora de que nos vaia pagando.

Por outro lado, e isto si me preocupa bastante, hai un tema que me preocupa e outro que me tranquiliza un pouco, que neste caso a negociación non a levara a Sra. Ribera, entendo, senón teríamos un problema, estas axudas vanse financiar con fondos FEADER, procedentes de Europa, concretamente do segundo pilar da PAC, que agora se cuestiona por moitos países da Unión Europea en contra dos nosos intereses, espero que o Goberno do Sr. Sánchez ten a obriga, e espero que o faga, de defender estes fondos polo interese do ben galego. En todo caso, a pregunta que lle fixen do nivel de execución de vías e obras do ano 2017 e o ano 2018, se poden contestala agora ben, e senón formularémola en Plenos sucesivos, en Vías e Obras, en Deportes, vostede fai mención a axudas, cantas axudas de deportes, subvencións de deportes quedan se poder percibir os clubs e as entidades pola dificultade farragosa que teñen as axudas que se dan desde esta casa. Xa que estamos nesta liña seguiremos nesta liña ao longo dos seguintes Plenos. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Que pouco lle durou a vostede a coherencia, acaba de dicir que cando chegou ao Goberno o Sr. Calvo había unha débeda de varios millóns de euros e agora temos un superávit, é certo que o temos, pero tamén é certo que o temos por obriga legal, por unha lei ademais aprobada polo seu Goberno cando gobernaba en Madrid e mantida inxustamente polo meu agora mesmo, que nos impide gastar remanente e superávits aos concellos, pero claro, é curioso que diga vostede agora que estaría ben que eses remanentes que temos e superávits pasaran a onde teñen que pasar, que é aos cidadáns, e resulta que no punto quince deste Pleno, onde aprobamos o expediente de modificación de créditos para incorporar eses remanentes, vostedes abstéñense. Penso que a coherencia xustamente, debe ser hoxe o Día Internacional da Coherencia, vouno mirar despois no Google, porque vaia racha, vaia racha, é dicir, non tardou vostede nin, non sei canto levaremos de Pleno, unha hora, pois corenta minutos tardou en dicir unha cousa e a contraria, a ver se empezamos a mirar un pouquiño ese tema, porque ben.

Di vostede que cantos fondos quedan sen executar polo farragoso, efectivamente, iso é verdade, iso recoñezoo e teremos que facer un esforzo en ir simplificando todo ese tipo de liñas, pero fágolle a mesma pregunta, cantos fondos deixan de executar os concellos por como os reparte a Xunta de Galicia?, cantos fondos deixamos de executar os concellos que non eramos do Partido Popular co Plan Urbe?, recorda?, aquel de por orde de chegada, que en sete minutos esgotáronse tres millóns e pico de euros, nunha convocatoria que, recordo, porque está ben facer memoria, que saía ás doce da noite, e ás doce e sete minutos xa se gastaran tres millóns, que casualidade, todos do Partido Popular.

Eu penso que calquera dato que vostede poida achegar a ese respecto, en reparto de fondos, en criterios obxectivos no seu reparto, en aposta polo municipalismo, en apoio aos concellos, en transparencia, calquera dos que poida achegar está moi lonxe dos que poidamos achegar os que estamos nesta bancada e en parte desa de aí.

Polo tanto, sexamos un pouco serios, está vostede a defender hoxe algo que é practicamente indefendible, eu enténdoo porque estamos na época que estamos, é verdade, e entendo que manda quen manda, e que lle imos facer, pero vostede sabe tamén e os que están nesa bancada coma min, que isto é moi inxusto, e que os veciños dos seus concellos, que a fin de contas son os que financian estas achegas a través dos seus impostos, non merecen que se reduzan, e non me vale tampouco a desculpa de que eses seis millóns van ir a outras liñas que son moi necesitadas, pero non van ir a liñas onde se repartan con criterios obxectivos por desgraza.

Sr. Ben Otero

Para finalizar, un minuto nada máis.

Nosoutros procuramos ser coherentes e creo que exercitamos ou facemos o exercicio da coherencia con bastante normalidade. Eu dígolle unha cuestión, Sr. Fernández, eu díxenllo o outro día, pareceulle mal ao Sr. Lage Tuñas, espero que hoxe non lle pareza tan mal, véxolle a vostede, de verdade, é unha oportunidade

perdida, porque véxoo incisivo nestas preguntas parlamentarias en temas da Xunta, e considero que hoxe non se estaba tratando aquí os plans da Deputación e demais, e considero que é un novo erro do seu líder autonómico. En todo caso dicir que a abstención á que vostede facía mención, nós non estamos en contra dese modificativo obviamente, o que si non sabemos a que se vai destinar, en consecuencia abstémonos nos convenios e quedamos á espera de despois posicionarnos, entón iso das trampas ao solitario se ve que aparte de achacarlo aos demais, que o practica con intelixencia e con habilidade, non llo vou negar. Nada máis e moitas grazas.

O voto vai ser en contra da súa moción, por suposto. Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

De xeito moi breve e por clarificar, efectivamente, si que eu entendo que desde o BNG, non eu pola miña procedencia, somos plenamente conscientes do potencial e riqueza que é quen de xerar o país a explotación forestal, o que imos discrepar seguramente será no modelo defendido e sempre apostar por unha diversificación que dea pé á venda de produto pero tamén a esa transformación. Entendemos que o compromiso co rural ten que recoller este tipo de cuestións nos plans e, efectivamente, amosar sempre o seu compromiso con aquelas liñas que coma esta, que hoxe nos ocupa, son aquelas que directamente de xeito obxectivo benefician aos concellos que son aqueles que teñen que xestionar o territorio para facilitar o desenvolvemento e a práctica de sectores estratéxicos sempre olvidados e de aí vemos o terrible deterioro da actividade económica vinculada ao rural como pode ser a actividade gandeira, coa enorme perda de explotacións e tamén todo o que se refire á parte agraria. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Un minuto, xa estamos rematando, tranquilo Gelo, que hoxe imos ben de tempo, que só levamos unha hora. En todo caso, dicía vostede que se abstiveron porque non sabían a onde ían, na documentación que foi á Comisión vén perfectamente a que capítulos van eses fondos, non digan que non sabían, e houbo unha Comisión Informativa na que puideron preguntar, polo tanto a desculpa unha vez máis non vale.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún deputado/a

O Pleno, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Socialista sobre o Plan marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021, un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade, que periodicamente impulsa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural.

Este plan ten como principal obxectivo subvencionar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños rurais, co fin de renovar esta rede viaria que serve de acceso ás explotacións agrícolas dos seus territorios, mellorando considerablemente a deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo. Preténdese con estas melloras dar un impulso ao desenvolvemento e á modernización da agricultura galega.

Segundo detalla a propia Xunta, estes camiños rurais "facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal", xa que "facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado".

Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte aos fondos públicos que dedicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974.836 euros (5,9 millóns cada ano), con cargo aos orzamentos da Agader. Iso son catro millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando presupostou 15.998.687 euros para este mesmo fin máis outros 4 millóns de € menos dende o ano 2016 cando se presupostou case 20 millóns de € (19.998.110€). E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea.

Segundo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, esta ía ser a "lexislatura do rural", unha lexislatura "cun proxecto claro de futuro no que avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestruturación e a diversificación", o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para potenciar o desenvolvemento do rural.

Estas axudas para camiños rurais son, en moitos casos, o único crédito directo en forma de subvención que reciben os concellos da administración autonómica, polo que aínda é menos comprensible que se aplique unha redución orzamentaria tan drástica.

Os criterios de reparto destes cartos públicos entre os municipios foi consensuada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Partiuse dunha asignación fixa para cada municipio e o resto dos cartos distribúese en función do número de habitantes, da poboación residente, da superficie do seu territorio, da taxa de despoboamento, do envellecemento dos seus habitantes ou da súa agrariedade.

A maiores, tamén queremos resaltar que este ano a Xunta de Galicia cambiou algúns dos requisitos para optar á percepción desta axuda, resultando imprescindible a xustificación da alta de seguro agrario de cando menos, dúas fincas beneficiarias no transcurso do camiño, algo que suporá que, dado o minifundismo existente nesta provincia, lle resulte altamente complicado e existan concellos que non podan optar á solicitude da axuda.

A redución de fondos é homoxénea e afecta a todas as comarcas da provincia. En concreto:

A comarca de A Coruña pasa de 1.217.649€ en 2016 a 717.108€ en 2020/2021, supoñendo 500.541 € menos, un 41.11% menos de inversión,

A comarca de Ferrolterra e Ortegal pasa de 1.355.776€ en 2016 a 780.557€ en 2020/2021 supoñendo 575.219€ menos, un 42% menos de inversión,

A comarca de Santiago pasa de 1.914.274€ en 2016 a 1.133.686€ en 2020/2021 supoñendo 780.588€ menos, un 41% menos de inversión,

A comarca de Bergantiños e Costa da Morte pasa de 1.112.577€ en 2016 a 673.142€ en 2020/2021 supoñendo 439.435€ menos, un 39% menos de inversión,

A comarca de Barbanza pasa de 661.105€ en 2016 a 403.649€ en 2020/2021 supoñendo 257.456€ menos, un 39% menos de inversión.

En resumen, a provincia de A Coruña pasa de 6.261.381€ en 2016 a 3.708.142€ en 2020/2021 o que supón 2.553.239€ menos de axudas directas aos concellos, un 41% menos nesta lexislatura, na lexislatura do rural.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación provincial insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. García Seoane

Este rogo está relacionado co Concello de Bergondo, é un rogo que se pide ao Pleno, porque no seu día no ano 2004 a Deputación pretendeu facer unha obra en Bergondo que non se puido realizar e eu entendo que foi que houbo algúns erros na tramitación do expediente. De feito vou expoñer cal é o tema que creo que no seu día provocou que esa obra non se puidera facer e que estes días últimos morrera unha persoa aí, ao mellor foi unha casualidade, pero desde logo unha estrada con catro metros de ancho, non pode haber estradas de catro metros de ancho en Galicia, e menos un municipio como Bergondo, ligando a zona de Guiliade con Guísamo, unha estrada provincial importante. No seu día desde a área de obras públicas estimo que no seu momento obviáronse algúns aspectos significativos para a realización da obra e que derivaron nun informe negativo da Comisión de Patrimonio e da Comunidade Autónoma, o cal esgrimiu entre outros os seguintes argumentos, naquel momento o expediente da Comunidade Autónoma, toda vez que o novo muro que ía facer a Deputación en substitución do outro, ten unha tipoloxía que difire do actual, dispónse aparentemente en contacto coas súas pilastras, unhas pilastras que son de cemento noxento, que non ten nada que ver coa historia de nada, a cal, á parte de perigo de terminación destas de deterioro das obras, implicaría alteración da súa tipoloxía. Esas pilastras son de cemento malo, unha obra, porque esa casa foi comprada e reformada e, por certo, ninguén lle dixo nada no seu día, e onde era unha cousa cambiou totalmente, nada máis que quedou o exterior, pero logo houbo un preito que presentou esa familia contra a Deputación, e un contencioso que remata o vinte e catro de marzo de 2006, e onde a xuíza, neste caso un xuíz, di "Como ha sido

prescindir en la aprobación del proyecto de la preceptiva autorización del informe de la Consellería de Cultura, Comisión de Patrimonio, un inmueble declarado bien de interés cultural e insaporable de su entorno", e di a xuíza "salvo que resulte imprescindibles por causa de fuerza mayor o interés social", aquí está a forza maior e o interese social "previo informe favorable de la Consellería de Cultura", quere dicir que o informe da Consellería de Cultura foi posterior á presentación do Pleno, quere dicir que a xuíza non valora, di que non hai informe de Cultura, pero si o había, pero foi posterior á presentación do preito contra a Deputación. Por tanto, creo que aí sobran argumentos, sobran técnicos nesta casa e persoal especializado para que dunha vez por todas esta obra se poida facer e deixen de ter unha corredoiro de catro metros de ancho nunha estrada provincial tan importante como é esta de Guísamo.

Por tanto, o rogo, xa sei que se está neste momento tramitando, pero había que facer xestións ante a Consellería, ante a Delegación de Patrimonio, para explicar o interese especial que di a xuíza que hai e ademais que creo que estamos, eu o outro día estiven na manifestación e estaban todos os Grupos políticos, espero que nisto sexamos coherentes e que todos creamos que iso é unha necesidade importante, por tanto, que se fagan ben as xestións para que iso sexa unha realidade inmediata e que non acontezan máis cousas raras nin mortes nese lugar de Bergondo.

Sr. Presidente

Totalmente de acordo. Eu creo que corporacións anteriores xa iniciaron un proceso como ti ben dis de remodelación da estrada, o proxecto está aí, houbo informe negativo, non só de Patrimonio, senón de Conservación da Natureza, polas especies botánicas que alí hai, preito interposto pola familia e cunha sentenza xudicial e en calquera caso estou totalmente de acordo, eu ese matiz que dis ti da sentenza non o coñecía, pero paréceme totalmente lóxico, é dicir, se hai un interese superior, unha camelia cunha vida humana, loxicamente, haberá que escoller a vida humana. Entón nós tivemos unha reunión hai pouco co Departamento de Vías e Obras, con Cachafeiro, para que xa o que dis ti, xa sexa unha interlocución máis contundente co Departamento de Patrimonio para efectos de facer valer o que ten que prevalecer.

Non é unha cuestión de orzamento, está aí, e por tanto aí imos estar todos de acordo de facelo o máis rápido posible, sempre e cando, en calquera caso, nos faciliten as cousas desde Patrimonio. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:10 horas.